

Número 5, xullo 2001
300 pts.

libRedón

**Boletín da Asociación Galega
de Amigos do Camiño de Santiago**

**I Concurso fotográfico da Asociación
Asamblea da Federación en Bilbo/Bilbao
Homenaxe a Alfredo Jeremías
Albergue de Santiago de Olveiroa**

x u ñ o 2 0 0 1

ASOCIACIÓN GALEGA

l i b r e d ó n , N º 5

DIRECTIVA DA ASOCIACIÓN

- *PRESIDENTE:
Antón Pombo Rodríguez
- *VICEPRESIDENTE (C. Francés)
Constantino Chao Mata
- *SECRETARIA:
Inés Iglesias Amorín
- *TESOUREIRA:
Susana Gago Rodríguez
- *VOCAL 1º (Santiago I):
Mario Clavell Blanch
- *VOCAL2º (Santiago II):
Jaime Bouza López
- *VOCAL3º (C. Portugués I):
José Antonio de la Riera
- *VOCAL4º (C. Portugués II):
Rafael Higgs Estanqueiro
- *VOCAL5º (C. Ourense I):
Xosé Antón Quintas
- *VOCAL6º (C. Inglés):
Antonio Leira Piñeiro
- *VOCAL 7º (C. Fisterra I):
Manolo Vilar Álvarez
- *VOCAL 8º (C. Fisterra II):
Ernesto Insua Oliveira

(En negriña, os cargos electos en xaneiro)

DA BOLETÍN

O B O L E T Í N

Director:
Antón Pombo Rodríguez

Redacción:
Jose Antonio de la Riera
Mario Clavell Blanch
Manuel Vilar Álvarez
Constantino Chao Mata

Corresponsais:
Victor Salvador (Minho)
Ana Belén de los Toyos (Asturias)
Isabel Micó Feliz (León)
Carmen Pugliese (Navarra-La Rioja)
Alfonso López Tizón (Madrid)
Laurie Dennett (Gran Bretaña)
Meh Höpel (Alemania)
Teresa Márquez (Argentina)

Colaboradores:
Xabier Rey Souto
Francisco Mayán Fernández
Vicente Malabía
José Ignacio Díaz
Eva María López Añón

Enderezo do Boletín: Rúa Juan Canalejo, 39 A, 4º dta.
15003 A Coruña
Depósito Legal: C-1.182/99

Enderezo da Asociación: Rúa da Acibequería, 31 esq.
15704 Santiago de Compostela



Fotografía da Portada:
Federico García Cabezón
1º premio do Concurso
'O Peregrino en Compostela'

Fotografías:
Manuel González Vicente
Manolo Vilar
Antón Pombo Rodríguez

Deseño e Maquetación:
Sreira Deseño

S U M A R I O

3-4 EDITORIAL

5 ¡AH DEL CAMINO!

6-23 ASOCIACIÓN

- 6-9 I Concurso Fotográfico 'O Peregrino en Santiago.'
- 10 I Xornadas Xacobeas do Camiño Inglés en Pontedeume (marzo).
- 11-12 Acto no Camiño Portugués e lembranza de Alfredo Jeremías.
- 13 O Albergue de Olveiroa: sinatura do convenio entre a Asociación e mailo Concello de Dumbría.
- 14 V Peregrinación a Fisterra e Muxía (agosto).
- 15-18 Asemblea da Federación en Bilbo/Bilbao. 17/18 de marzo.
- 19-20 Actividades desenvolvidas dende a Presidencia.
- 21 Apoio da Asociación ó Concello de Artieda (Zaragoza) para evita-lo destroz do Camiño Aragonés.
- 22 A tenda da Asociación.
- 23 Curso Literario de Relatos Curtos 'A Hospitalidade nos Camiños de Santiago'.

24 OUTRAS ASOCIACIÓNS

25-32 SANTIAGO DE OLVEIROA

- 25-28 A Herdanza de Dona Leonor: a casa forte de Olveiroa.
- 29-30 A desfeita da Ponte Olveira.
- 31-32 Unha notas sobre a Igrexa de Santiago de

Olveiroa en Dumbría (A Coruña).

33-43 COLABORACIÓNS

- 33 O Alcalde de Samos.
- 34 Asesores de imaxen en el Camino.
- 35 En recuerdo de una corta peregrinación.
- 36-37 Tras las huellas de la calzada Trajana.
- 38-40 Uclés: cabeza da Orde de Santiago.
- 41-42 Un camino sin desperdicio.
- 43 El Camino@punto.com

44-48 Á BEIRA DO CAMIÑO

- 44-45 Mi primer Camino.
- 46-47 Sólo una parte del Camino.
- 48 Hospitaleiro en Astorga
- Cinco peregrinacións serven de pouco.

49-50 GLOSA A NOTICIAS XACOBEAS

51-52 DESGLOSAS XACOBEAS

53 EXPOSICIÓN

54-58 CRÍTICA BIBLIOGRÁFICA

59 ALFREDO JEREMÍAS SANPEDRO



Compostela, Compostela tan fermosa e tan cruel...

Antón Pombo Rodríguez
Presidente da AGACS

Comezamos hoxe con queixumes, pero non son os laios dun poema de Leopardi, nin tampouco unha acomodación do que cantaban, pensando nos portos de Asturias, os romeiros franceses doutroa (*'O Asturias, bela Asturias, ti es bela pero tamén dura'*), senón o sentimento de quen contempla a cidade do Apóstolo, máxima beneficiaria da peregrinaxe, ignorando, por non dicir desprezando, ós peregrinos que a ela chegan.

No funil galego do Camiño Francés, esa gorxa paso a paso máis angosta, día tras día máis ategada de compañeiros –¿ou competidores?– de viaxe, a meta da caridade atópase no desaborido Monte do Gozo. Unha noite, a derradeira noite, e sanseacabou. En Compostela levamos varios meses sen albergue, pois o do Seminario Maior pechou por incapacidade de atendelo, ficando os peregrinos sen teito.

A enxurrada dos mochileiros resulta molesta na cidade. Aporta pouco beneficio, a non se-la imaxe folclórica, ó honorable gremio de comerciantes. Máis aló de catro tendas, algún restaurante de menú barato e as poucas pensións económicas que van quedando en cidade tan turistizada, poucos son os negocios que tiran algún proveito dos peregrinos. O mellor e que cumpran cos seus deberes, asistan á misa da catedral, fagan as lecturas do día, admiren –se toca– voa-lo bota-fumeiro, e tomen canto antes o camiño, que diría o rei leonés Ordoño II, da estación.

O problema é que poucos peregrinos, despois de tan longas camiñadas, van acepta-la idea de *pirarse nun plis plas*. Xa que logo, e de seguir todo así, xa estamos imaxinando, baixo os soportais da rúa Nova ou espallados polos xardíns da Alameda, ducias de xoves peregrinos durmindo ó raso: 300, 400 nos días de maior afluencia... Como aconteceu hai anos en Venecia, a situación podería mesmo desencadear problemas hixénicos, ou dexenerar en conflitos de orde pública, deixando maltreita a imaxe da pacífica Compostela. Ademais aquí, a diferenza de Italia, non hai duchas públicas de pago.

Entre tanto, algunhas das institucións que se pasan todo o día falando dos peregrinos, ós que tanto din amar, e desa meta sacrosanta con tan grande engado, ignoran ós protagonistas para atende-los turistas. A prensa adianta a noticia de que Belvís contará o ano próximo cun albergue para 300 peregrinos. Encargarase da súa xestión, ¡xa era hora de que algo fixera en tan sentido!, a Arquiconfraría do Apóstolo Santiago. O arcebispado concederalles a xestión do local, e a Xunta, é de supor, pagará proxecto e obra. Incluso, e malia os milleiros de socios cos que conta esta irmandade, parece ser que foi solicitada unha colaboración da Federación (Santiago escoita os nosos pregos). Entre tanto, e para evitar follóns de órdago, certas presións conseguiron que o albergue volva abrir, con carácter provisional, o 15 de xullo. A imaxe dunha Compostela sen albergue podería resultar patética, aldraxante, un insulto á memoria de Xelmírez, dos Reis

Católicos e de tantas persoas e colectivos que historicamente fixeron o que estaba da súa man por atende-los romeiros.

Santiago que non se ocupa das sendas de entrada na cidade, Santiago que recibe o beneficio dos esforzos alleos, Santiago mimada polas administracións europeas, espa-

ñolas e galegas, pero Santiago que recibe con frialdade ás masas de peregrinos suorosos de peto semi-valeiro; para facerse as fotos basta Zapatóns. ¿Acaso parécenos pouco coa *Compostela*, unha mención á nacionalidade na misa do peregrino e as magnánimas 10 racións diarias do Hostal dos Reis Católicos? ¿Qué máis queredes, peregrinos? Se non estades contentos, ídevos bañar a Fisterra. Aquí os turistas de visa ouro, as excursións organizadas, os congresos médicos e as reunións políticas ó máis alto nivel. ¿¡Peregrinos, non grazias!?

As enquisas elaboradas pola Federación, que entre tanto non se demostre o contrario son as máis rigurosas e fiables, trasladan ós analistas ese contraste, todo un berro, á hora de manifesta-la mestura de alegría e decepción experimentada polos peregrinos ó chegaren á cidade. As respostas son concluintes: friaxe, exceso de burocracia, ritualismo epidérmico, cansazo da riada, desinfor-





mación... Un caldo de cultivo excelente, desde logo, para que moitos acaben desconsiderando a meta e valorando aínda máis o Camiño. Ademais, para os peregrinos que procuran a espiritualidade e que realizan un itinerario de transformación personal ou de conversión, o santuario transformado en, con perdón, centro temático onde converxen as masas convocadas polo Grande Irmán (o itinerario lúdico-pañfoco comeza no Pórtico da Gloria, segue coa aperta ó santo e remata co botafumeiro), non resulta moi apropiado para reflexionar ou orar. Semellaba bastante máis oportuno para elo o luscofusco en calquera claustro da ruta, a soedade dunha apartada igrexa rural, á sombra de calquera arboreda ou unha mañá ventosa na Cruz de Ferro. É por iso que moitos, ende mal, fuxen abochornados dun ambiente tan abafante, superficial, impropio do que se agardaba atopar. Pode acontecer-lo mesmo en Lourdes, témolo escoitado, e tamén en Fátima ou Roma..., pois a mercantilización chega a todas partes, pero a nós dóenos especialmente o da casa.

¡Compostela, Compostela, andas moi necesitada dunha repremenda xeremíaca, dalgún castigo polos teus esquecementos!: ¡Oh, cidade ingrata, que desprezas ós que contribuíron a facerte grande! ¡Chegarán os días en que chores, unha vez máis, pola ausencia de peregrinos!. Entón alguén lembrará que cando os tiñas a moreas, namorados de ti, os rexeitástes con fachendía.

Maos tempos para o Camiño

Este diluvio pasado, que bastou para expiar-los pecados todos dun pobo tan resignado coma o noso, asolagou moitos vieiros xacobeos, derrubou varias pontes para castigo dos peregrinos e mesmo osou meter un senfín de goteiras na casa do Apóstolo, que veu medrar inmensas colonias de carriza e liques nas súas fachadas. Un pesadelo de treboadas, inundacións e naufraxios que, de repetirse, vai facer moi pouco doada a vida e a peregrinación na Galaecia. Os peores furacáns, nembargante, están aínda por vir...

Un delas ten que ver co recrecemento do encoro de Yesa, que vai acabar, se ningún o remedia, con moitos quilómetros dos camiños que abeirán, polo norte e sur, este mar pirenaico. Desde a Asociación, como se comprobará máis adiante, puxemos o noso grao de area en resposta á petición do Concello de Artieda.

A Rioja tampouco se queda atrás. Recibimos outro informe, igualmente documentado, das barbaridades realizadas nunha vila tan itineraria e xacobeas coma Grañón. Os técnicos da moderna cultura, sempre dispostos a favorecer-lo peregrino -máis ben a tutelalo, coma se fora un neno de gardería-, decidiron que o Camiño Francés xa non pasaba pola rúa maior nin a carón da igrexa. Os séculos están errados, e os modernos redentores da burocracia cultural nolo ensinan coa súa enorme sabedoría.

En verdade, precisaríamos do arsenal de epítetos e insultos, á moda dun Pérez Reverte, para acribillarnos tal lexión de *meapilas* pseudo-ilustrados, e con eles aqueloutros burricáns que encheron de grixo branco os faiais de Roncesvalles (¡aberración!), de pistas agrarias para tractores as searas de Castela, de bancos e arboriñas os páramos de Sahagún a Mansilla ou triplicaron as vías na terra Maragata. Os planificadores do Ministerio non dán máis de si, e do mesmo xeito que naquela viñeta de Castelao referente á cultura, protexeron a súa arbore con tres estacas que, pasado un tempo, acabaron por botar folla e florecer ó tempo que a simbólica cepa esmorecía. ¿Acabará por se-lo Camiño un compendio dos seus barbarismos, propios da ousadía e da ignorancia, e os seus investimentos un ataque ó patrimonio? De feito, moitos añoran xa o Camiño de hai quince anos, sen beiravías e todo, antes de que o tocan os políticos.

Indicadores mil, áreas de lecer e papeleiras coma area, farolas e outras ocorrencias de arquitectos urbanícolas que están convertendo o Camiño, no peor sentido da expresión, nun 'Parque lineal'. E como todo parque precisa o seu centro de tratamento de lixo, velaí o que queren facer preto do cruceiro de Santo Toribio, antes de baixar a Astorga, o cal implicará o paso continuado de camiños por riba da ruta. Pero os prebostes, que cren sabelo todo, raras veces solicitan a opinión das asociacións ou dos peregrinos. Todo para o pobo, pero sen o pobo, e se non lles gusta o que facemos por eles, ingratos, que se queden na casa. Moito diñeiro e pouca cultura, é o sino dos tempos.

Prosegue a crónica negra co alcalde de Samos, verdadeiro inimigo número 1 do Camiño en Galicia. Nova falta de ilustración pero, sobre todo, actuación propia do bordoneiro, lampantín e pillabán maior que viva á beira do Camiño Francés. A variante histórica de Samos, sinalizada pola AGACS e a Xunta, que non foi tal á hora de asfaltala, agora volve ser xacobeas cando lle interesa que lle dean subvencións para reparar-las pontes que se levou a corrente. Con tal desculpa, o concello levou a maior tallada de pasta entre os galegos. Prototipo de cacique valle-inclaniano, o dinosaurio amo do val do Oribio está constituído dunha substancia esvaradiza, coma as anguías do río, absolutamente carente de ética e, por que non dicilo ás claras, vergonza. Pero non descansaremos, sr. Belón, seguiremos a denuncia-las súas falcatruadas para que alguén, algún día, comprobe que había personas, e colectivos, que non llelas daban con queixo.

Á fin e o cabo, ía ter razón o noso querido Elías Valiña (por algo lle viría a teima...), cando negaba a posibilidade de bifurcar-lo camiño en Triacastela. A ruta verdadeira, única e indivisible era a de San Xil: non había maneira de facerlle aceptar-lo de Samos. Se cadra, e *tutti con -tenti*, Samos deberá ser cedido en exclusiva ós turistas, e a ruta dereita de San Xil e Calvor reservada ós peregrinos.



¡AH DEL CAMINO!

Crónica en Román Paladino

José Antonio de la Riera

Fotografía: Manuel G. Vicente

Recién cumplidos sus primeros setenta y tres años, Jacques Marie Camisat apuró las últimas cuestas de La Faba, resoplando ferozmente. Llegó a O Cebreiro y su primer recuerdo fue para Einstein: "Todo esto (el mundo, la ciencia y los hombres), parece casual, pero es imposible que no tenga un sentido". Acto seguido Camusat envió tres mensajes urgentes: Uno a los ingenieros y científicos de su país, otro a los ingenieros de su escuela y uno más a la asociación de ciclistas: "...Despertad, coged la bicicleta, el caballo o venid a pie, no importa como lo hagáis porque lo verdadero es que encontréis el Camino. Venid". Era la primavera de 1993, y una despistada periodista, de "guardia", por aquellos tiempos, en O Cebreiro, calificó a Jacques de "anciano". (*La Voz de Galicia, 25-Mayo-1993*).

Pero la cosa no paró ahí. Camusat entró en el cuartel de la guardia civil de Sárria, entregó su cámara a los estupefactos guardias de puertas y, acto seguido, suplicó encarecidamente a los números que le dispararan una foto en un remedo de fusilamiento. Aquello acabó como el rosario de la aurora. Nosotros conocimos a Jacques cuando, días más tarde, el terrible "anciano", montaba una épica escandalera en el Hostal de los Reyes Católicos porque, en su condición de peregrino, le habían condenado a comer en un cuartucho. Un día antes había participado en una sonada zapatiesta en el albergue que terminó así: *...En Santiago, etc. Comparece Jacques Marie Camusat, ... nacido en Neully Sur Seine. Que está en esta ciudad para ganar el jubileo... que la pasada noche pernoctó en el Seminario Menor de esta ciudad... que cuando el dicente le quitó una fotografía a dos individuos, al parecer también peregrinos. Que esta mañana sacó su cartera... notando en falta veinticinco mil pesetas en dinero español, y dinero francés... con barba espesa ambos, y color moreno de campo...*

En el viaje de retorno, por el Camino Primitivo, se pegó una tremenda costalada bajando el puerto del Palo. "Salvado" por el médico local, se hicieron pronto amigos y escalaron juntos el Naranjo de Bulnes. Piloto de guerra en África, empresario de éxito en París, culto, gamberro hasta decir basta cuando había que epatar, divertido hasta la hilaridad y siempre genial, Camusat pertenecía a esa raza, nos tememos que extinguida, de gloriosos *voyageurs*, que hicieron del Camino de Santiago una magnífica caja de sorpresas en los años ochenta y comienzo de los noventa. Declaraba, agnóstico convencido, haber tenido una particularísima "caída de Damasco" en forma de fenomenal talegazo acaecido en Santo Domingo de la Calzada. A partir de ese momento se hizo devoto "fundamentalista". Las arribadas de Jacques a Compostela eran prólogo de tremendas bacanales en Casa

Manolo, donde lo realmente importante eran las cantatas goliardescas de Jacques, dirigidas siempre a escandalizar a sus compatriotas, a los que detestaba. Con él hicimos un peregrinaje por el Camino Portugués verdaderamente memorable, donde lo más sosegado fueron los intentos del "anciano" para que un policía municipal le ayudara a cruzar el viejo puente de Pontesampaio, a horcajadas y gritando: *¡Verdugus flúmine! ¡Transeámus!*. A mediados de los noventa recibimos un telegrama de Jacques: Estaba en el Nepal y se disponía a escalar un "ochomil". Al mes, genio y figura, otro mensaje: Le había dado un soponcio y estaba "prisionero y ahogado de rabia" en un hospital de Katmandú.

Los viejos y queridos gabachos... Siempre dieron tipos fantásticos al Camino. Así Jean Claude Benazet, sorprendido cerca de Triacastela, cabe un hoyo, con una enorme bota de vino colgada de un *castiñeiro* y leyendo, con voz atronadora, la Iliada del

señor Homero. Hoy en día, los peregrinos que, por un casual, viajan con un libro en el morral, lo hacen con el TBO de Paulinho Coelho. También era posible encontrarse, cuando las tinieblas todavía envolvían las calles de Estella, con el buen cristiano Jean Luis Metais. Viajaba solo, con una pequeña mochila y tocado con una infame gorrilla colorada. Volvía de Fátima y Compostela y se encaminaba a Jesusalén, pidiendo ayuda de puerta en puerta. Su pequeña persona, humilde, optimista y vital, desapareciendo calle arriba por San Pedro de la Rúa, justificaba por sí sola todo el Camino de Santiago. También lo encontró la

"tribuleta" despistada, años después, en O Cebreiro. *"Siempre lo hice por promesas. Mi madre se recuperaba de la muerta y yo soy católico... soy solidario, soy pastor"* (*La Voz de Galicia, 31-Mayo-1993*).

Camisat, Metais, Benazet... ¿Dónde estáis? ¿Será posible volver a encontraros en medio del sámbodromo en que se ha convertido el Camino? ¿Estaréis acaso perdidos entre las hordas de Boy Scouts y domingueros con *maillot* de diseño, modelo *sar-gento capioca*, que arrasan el Camino desde Sárria?. Dignos sucesores de Aymeric, de Bonnezeze, de Manier, del pobre poeta Germán Nouveau, han sido el nervio del Camino Durante siglos.

Los viejos y queridos gabachos... Les debemos una. Ellos hicieron, de verdad, el **Camino Francés**. Que vuelvan. Solo ellos podían cantar esto:

**Euroun trento ou quaranto
Que parteren a Sen Jacque
Per gagna lou paradis
Mon Diou!
Per gagna lou paradis.
(Confrérie des pèlerins de Moissac)**





I Concurso Fotográfico 'O Peregrino en Compostela'

O sábado 10 de febreiro de 2001, na Galería Sargadelos da Rúa Nova, fixemos entrega dos premios do I Concurso Fotográfico organizado pola asociación, dedicado á figura do peregrino en Compostela. Con anterioridade, o xurado formado por Xavier Cea (El Correo Gallego/O Correo Galego), Antón Pombo (AGACS) e mai- los fotógrafos Manuel González Vicente (AGACS) e Antonio Hernández (El Correo Gallego/O Correo Galego), emitira o fallo por unanimidade. A nosa satisfacción, notable polo éxito desta primeira e apurada convocatoria, foi grande. Na redacción de El Correo Gallego/O Correo Galego, que colaborou na organización e deu publicidade ó premio, foron recibidos 40 traballos de 18 autores, algúns de moi boa calidade. A todos agradecemos a súa participación, animándoos a recuncar nesta segunda edición, da que nestas mesmas páxinas presentámo-las bases.

Ó acto de entrega dos premios, con exposición dos traballos galardoados, asistiron varios membros da asociación, D^a María José Dopico, en representación da Xunta de Galicia, que patrocinou a convocatoria, e a prensa. Os traballos premiados, reproducidos na portada e neste artigo, foron os seguintes:



Fotografía: Federico García Cabezón. "Catedral. Fin do Camiño". (1^a Premio)

1^o premio: *Catedral. Fin do Camiño*, de D. Federico García Cabezón.

2^o premio: *No Monte do Gozo*, de D. Santiago Vega López.

3^o premio: *Meditación do percorrido*, de D. José Antonio Fuentes Arcay.

Accesits: *Sen título*, D^a Gema María Jiménez de la Fuente

Sen título, D^a. Cristina Cervera Abad.

Sen título, D^a. Carmen Salgueiro.

Felizmente cansados, D. José Manuel Pérez Pena.

Sen título, D^a. Carmen Calleja Martín.

Pola nosa banda, unicamente sinalar que a foto gañadora plasma o momento en que unha india azteca, vestida co seu atuendo tradicional, facía unha ofrenda durante a danza de tambores realizada na Praza do Obradoiro por estes singulares peregrinos. O autor, desprazado ex profeso a Santiago para ve-lo acto da chegada dos indios, interpreta a instantánea como unha visión onírica, en que o fume da pipa xera unha atmósfera envolvente e misteriosa, evocadora do incenso queimado na catedral. As vestimentas dos indios, ademais, son as mesmas que empregaban os seus devanceiros cando se estaba a construí-la catedral románica. A imaxe afástase dos tópicos e da iconografía xacobeá máis habitual, ofrece unha visión moderna e multicultural do fenómeno peregrinatorio e posúe unha grande calidade técnica. Lembrar, por fin, que Federico García é médico, vive en Coruña, e estudou fotografía na Escola de Artes e Oficios 'Mestre Mateo' (Santiago), chegando a expo-la súa obra no Círculo de Belas Artes de Madrid.

As fotografías premiadas foron expostas entre o 16 e 23 de marzo na Casa do Concello de Pontedeume, e no mes de Abril na Casa da Cultura do Concello de Neda. No futuro está previsto que sigan rotando por outros espazos dos Camiños galegos.



CATEDRAL. FIN DO CAMIÑO.

Atopar un grupo de indios americanos facendo unha ofrenda ancestral por medio da danza e o son dos tambores na Praza do Obradoiro crea emoción e sorpresa, xurde: a memoria histórica, o descubrimento de América, viaxes de ida e volta, a orixe de Compostela, a construción da catedral, o momento actual.

Mesturan o son dos tambores co das campás das torres da catedral, o fume do Botafumeiro co da pipa da india; o incienso coas plantas americanas; a néboa co fume, as plumas indias coa pedra galega; o movemento da danza coa inmovilidade secular da catedral; o pasado co presente; a viaxe de Colón coa fin do Milenio; o principio coa fin da viaxe.

Aparece o impulso de realizar unha fotografía, unha fotografía que coloque ó espectador nunha terra fronteiriza na que nunca estivera antes.

A india, na éxtase da ofrenda comeza a pecha–los ollos, eu tamén pecho os ollos e apreto o dedo no disparador da máquina de fotografías. **COMPOSTELA. FIN DO CAMIÑO.**

Federico García Cabezón



Fotografía: Santiago Vega López. "No Monte do Gozo". (2º Premio) (Orixinal en cor)

NO MONTE DO GOZO.

Existen outras portas non de pedra, senón naturais, para todos aqueles que se achegan a Santiago como peregrinos; refírome ós milladoiros, entre os que O Monte do Gozo brila con luz propia e onde, a pesar dos cinco quilómetros de asfalto que o separan da catedral, un síntese xa coma na súa propia casa, pois a emoción de ter chegado gaña a batalla ó cansazo e, como lle sucedeu dende o séc. X a milleiros de peregrinos vidos de tódalas partes de Europa, fai latexa–lo corazón ó ritmo dos latidos da catedral e da súa tumba, corazón eterno dunha cidade que desborda beleza, xuventude, relixiosidade, cultura, tradición, modernidade.

Pero volvendo ó Monte do Gozo, ¿qué mellor cun fermoso sorriso que faga honor ó nome deste milladoiro e derrote ó cansazo físico e maila dor muscular? Por certo, a rapaza chámase Cristina, ten quince anos, e vive en Oeiras-Portugal.

Santi Vega



Fotografía: José Antonio Fuentes Arcay
"Meditación no Percorrido". (3º Premio)



Fotografía: Gema Mª Jiménez de la Fuente "Sen Título". Accesit



Fotografía: Cristina Cervera Abad "Sen Título". Accesit

II CONCURSO FOTOGRÁFICO DA ASOCIACIÓN GALEGA: 'INSTANTES E ETERNIDADE NO CAMIÑO'.

Se ben o folleto coas bases deste segundo concurso, convocado pola nosa asociación en colaboración co xornal *EL CORREO GALLEGO/O CORREO GALEGO*, xa foi enviado por correo a tódolos socios, asociacións de Amigos do Camiño e participantes da anterior edición, reproducimos aquí novamente o texto para unha maior difusión. Os premios, como podedes comprobar, superan ós do ano pasado.

II CONCURSO FOTOGRÁFICO DA ASOCIACIÓN GALEGA DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO 'INSTANTES E ETERNIDADE NO CAMIÑO'

Organizan: ASOCIACIÓN GALEGA DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO
EL CORREO GALLEGO/O CORREO GALEGO.

Colaboran: FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ASOCIACIONES JACOBEAS.
XERENCIA DE PROMOCIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO. CONSELLERÍA DE CULTURA. XUNTA DE GALICIA.

No Camiño conviven a fugacidade, esa levedade –que diría Kundera– do paso dos peregrinos, coa rexa permanencia da pedra, do capitel e o canzorro románicos. Empregando un simil poderíamos falar dun teatro lineal coas súas personaxes, sempre en marcha, que en aparencia soamente foron mudando, segundo foron pasando as épocas, de vestimenta. Na peregrinación da modernidade tamén hai 'hábitos', se ben non sempre fan ó 'monxe', e tamén clichés tan definidos coma os de antano. Incluso a masificación, fenómeno que dun tempo a esta parte xa constitue unha realidade no Camiño Francés, nada ten de novidosa para os que examinámo-lo fenómeno a través



dos séculos. Do marco monumental e paisaxístico, aparentemente estático, e da realidade do peregrino do presente, por forza dinámica, queremos capta-la imaxe, a súa peculiar iconografía, nunha nova edición do noso concurso. Do mesmo xeito que na anterior edición, valoraremos especialmente os traballos que mellor saiban aprende-la esencia da peregrinación, a cotidianidade da marcha, a relación do peregrino co Camiño e cos seus múltiples referentes xacobeos.

B A S E S

1. O tema do concurso é o dos **Instantes e eternidade no Camiño**, realidade ben doada de captar, en calquera das rutas de peregrinación, en calquera día do ano.
2. Poderán ser enviadas fotografías en **branco e negro e/ou cor**, cun máximo de tres por cada autor, quedando excluídos da participación os membros da directiva da *ASOCIACIÓN GALEGA DE AMIGOS DO CAMIÑO*, os traballadores dos xornais *EL CORREO GALLEGO/O CORREO GALEGO* e mailos seus familiares directos.
3. O formato das fotografías poderá estar comprendido entre 18x24 e 30x40.
4. Os traballos serán presentados nun sobre con lema, e enviados ó enderezo da redacción de *EL CORREO GALLEGO/O CORREO GALEGO* (Preguntoiro, 29; 15704 Santiago de Compostela), indicando no exterior **II Concurso Fotográfico 'Instantes e eternidade no Camiño'**. No interior deste sobre, figurará outro menor pechado cos datos do concursante.
5. O prazo de entrega das fotografías enviadas a concurso finaliza o **31 de Setembro do ano 2001**.
6. As fotografías premiadas, e outras significativas, serán publicadas no xornal e no boletín da Asociación.
7. Un xurado, composto por membros da asociación xacobeas e do xornal, entre os que se contarán dous fotógrafos profesionais, determinarán os premios a comezos do outono. En ningún caso o certame poderá quedar deserto.
8. O concurso ten prevista a entrega dos seguintes galardóns: 1º premio de **50.000 pts.**, 2º premio de **30.000 pts.**, 3º premio de **20.000 pts.**, así como **cinco accesits**.
9. As fotografías premiadas quedarán en poder da *ASOCIACIÓN GALEGA DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO*, que se reserva o dereito de expoñelas ou reproducilas a partir de entón. Os restantes traballos, sempre e cando os autores non indiquen o contrario, tamén pasarán ó arquivo de imaxe da AGACS.
10. Á hora de distingui-los traballos valoraranse moi especialmente ós que mellor consigan plasma-la 'alma da peregrinación', os aspectos puramente artísticos, a capacidade de presentar este fenómeno tradicional en contraste coa modernidade e mailos tipos e instantes máis representativos.

Santiago, 15 de xuño de 2001.



Fotografía: Carmen Calleja Martín "Sen Título". Accesit



Fotografía: José Manuel Pérez Pena "Felizmente cansados". (Accesit)



Fotografía: Carmen Salgueiro "Sen Título". (Accesit)



I Xornadas xacobeas do Camiño Inglés en Pontedeume (marzo)

Antón Pombo Rodríguez

O noso vocal Antonio Leira Piñeiro estrenouse como membro da directiva organizando as **I Xornadas sobre o Camiño Inglés**. Unha primeira entrega da actividade chegou o 16 de marzo, coa inauguración dunha mostra de debuxos a plumiña do noso amigo e socio José Manuel Yáñez. Na exposición foi presentada unha escolma de imaxes do Camiño Inglés en alternancia con outras, xa coñecidas, dos camiños Portugués e de



Fotografía: A. Leira

Fisterra. Asimesmo, un panel recollía as oito fotos premiadas no concurso da Asociación, que acabamos de publicar nas anteriores páxinas. Esta mostra permaneceu aberta ata o 2 de abril nos baixos da Casa do Concello de Pontedeume, e con posterioridade trasladouse á Casa de Cultura de Neda.

O día 23 de marzo, ás 20 h, tivo lugar a segunda parte deste programa xacobeo no Camiño Inglés. O Salón da Aula de Cultura de Caixa Galicia congregou unha mesa redonda para tratar diversas cuestións sobre o pasado, presente e futuro das rutas de peregrinación que partían do Golfo Ártabro. Participaron Agustín Vilariño, concelleiro de cultura de Pontedeume; Constantino Chao Mata, vicepresidente da AGACS; Jesús Andrés López Calvo, profesor do Instituto Teolóxico Compostelán; e Paco Allegue, bo coñecedor do Camiño Inglés.

A mesa desenvolveuse con normalidade e coa asistencia dunhas 60 persoas, que ó final das intervencións fixeron algunhas preguntas ós contertulios. Entre outras cousas falouse do futuro albergue co que debería contar a localidade de Pontedeume, que está previsto habilitar no vello hospitaliño existente nas proximidades da parroquia de Santiago.

Marcha entre Betanzos e Bruma (maio).

Catro membros da asociación venceron chuvia, regos e lameiras, e o 12 de maio cubriron o tramo entre a cidade dos Cabaleiros e a localidade de Bruma (Mesía), onde foi erixido o primeiro hospital deste itinerario en 1140. O camiño, danado polas intensas precipitacións, amosou toda a fermosura desta esplendorosa primavera galaica. No remate compartimos cos camiñantes un tempo no albergue de Bruma, obra moi meritória realizada sobre unha vella casa rural en pedra, co seu forno do pan, e ampliada cun anexo en cemento. Agardamos que este ano o Camiño Inglés teña máis demanda cós anteriores, que para eso están os albergues de Neda, Miño e o devandito. Os proxectos da Consellería, para pecha-la rede, parecen apuntar a Pontedeume e Betanzos.



Fotografía: A. Leira



Acto no Camiño Portugués en lembanza de Alfredo Jeremías (xuño)

Victor Salvador

A Associação de Valença do Minho dos Amigos do Caminho de Santiago e a Asociación Galega de Amigos do Camiño promoveram una homenagem póstuma ao Professor Doutor Alfredo Jeremias Sampedro, membro da Associação Galega e pioneiro na investigación e recuperación do camiño portugués.

A cerimonia decorreu na tarde de 10 de Junho, Dia de Portugal, junto à Capela do Sr. dos Aflitos, em Fontoura, concelho de Valença.

Esta cerimonia inseriu-se numa caminhada que percorreu o trilho do Caminho Português para Santiago desde Ponte de Lima até Fontoura, precisamente parte do camiño que o Professor Jeremias San Pedro tinha investigado, com os seus companheiros da associação galega e alguns amigos portugueses.

A caminhada saiu da Igreja Matriz de Ponte de Lima, manhã cedo com amigos de toda a Galiza e do Alto Minho. Depois da foto da praxe, nas escadarias do Chafariz do Largo de Camões, galga-se o Lima, o dito rio do esquecimento pela encantadora ponte romano-medieval. A caminhada segue por entre velhos caminhos, carreiros e estrada até à Senhora das Neves, a primeira paragem. Retemperadas as forças a marcha segue para a encosta da Labruja até ao Cruzeiro do Capitão Francês. Já no cimo do monte as grandes paisagens, as melhores vistas para apreciarmos o camiño que já tínhamos feito

e o que nos faltava ainda para fazer. A descida dá-nos encontros únicos como o conjunto de moinhos de Água Longa e os velhos casarios, caminhos e veredas até à Igreja Românica de Rubiães, ponto de paragem para almoço. Seguiu-se, no início da tarde, a descida até ao rio Coura e à velha ponte românica de Rubiães, depois subiu-se até Cossourado. Estávamos perto já, só faltava descer para Fontoura, pelos montes, os velhos trilhos, com passagens pela placa do séc. XIX “Este é o camiño de Ponte”, o cru-



Foto: Antón Pombo. Nossa Senhora das Neves, acougando no camiño antes de subir a Serra de Labruja.



zeiro do Senhor dos Caminhos, ponte de paragem para formar o grupo que entretanto se tinha dividido. Na capela do Senhor dos Aflitos populares, o Presidente da Associação de Valença, o Padre Soares e Zé Maria e o Presidente da Junta de Fontoura davam as boas vindas. Após pequeno descanso e convívio



Foto:Antón Pombo. A Cruz do Francés, agachada entre os piñeiros de Labruja

com os presentes descerrou-se a lápide e surgiram palavras de homenagem e louvor para com o Professor Jeremias São Pedro do Presidente da Asociación Galega, da de Valença e do Padre Soares. No final o encantador Largo dos Aflitos, com o curioso cruzeiro onde se destaca um cajado e uma vieira de peregrino serviu para a foto geral dos presentes. O Grupo galego Seixos Albos encantou com os sons da gaita de foles que rematou a sua actuação com o hino galego.

Esta iniciativa envolveu, ainda, uma visita à cidade de Barcelos, no Sábado, 9 de Junho, próxima etapa dos trabalhos de investigação dos amigos do Caminho. Na cidade do Cavado visitamos o cruzeiro emblemático do Peregrino e do galo de Barcelos, a par do Paço dos Duques, a Torre de Menagem e a velha ponte.

Refira-se que a Associação de Valença do Minho dos Amigos dos Caminhos de Santiago e a Asociación Galega de Amigos do Camiño desenvolveram um longo trabalho de que resultou a inventariação, recuperação e promoção do troço de caminho entre Ponte de Lima e Valença. Nestes últimos tempos estas duas associações tem desenvolvidos vários trabalhos preparatórios que tem por objectivo estender o trabalho até Barcelos e num futuro próximo até à cidade do Porto.



Foto:Antón Pombo. Os participantes da marcha e os veciños en Fontoura



O Albergue de Olveiroa:

Sinatura do convenio entre a Asociación e mailo Concello de Dumbría

Das nosas xestións coa Federación nace un proxecto cheo de esperanza, tal é o de levar adiante, cando menos durante os tres meses de verán, o noso querido hospital de peregrinos de Santiago de Olveiroa. José Ignacio Díaz, responsable dos hospitaleiros voluntarios, envíanos a esta cita a persoas de grandísima experiencia, tales son Alisón Rajú (1-15 xullo), á que acabamos de recibir cando este número estaba a pique de pechar, e nada menos que Lourdes Lluch (15 xullo-15 agosto), pioneira desta nova modalidade asistencial en Hornillos (Burgos). Inés Iglesias xa preparou un fermoso selo tomando como base o Santiaguíño en pedra polícroma que preside a fachada do templo parroquial, de orixe románica pero moi reformado. Un gran libro servirá ós peregrinos para deixa-las súas impresións, reflexións, pensamentos e debuxos. Todo está case preparado para acollelos coa máxima ilusión pola nosa parte, agora soamente pregamos a Santiago, que o temos tan na propia Olveiroa, para que nos bote unha man



Foto: Antón Pombo. Albergue de Olveiroa, casa do hospitaleiro.

Texto do Convenio presentado para asinar.

En Dumbría, a 23 de xuño de 2001.

DUNHA PARTE: D. José Manuel Pequeño Castro, Alcalde-Presidente do Concello de Dumbría en representación do Concello e o Secretario en calidade de fedatario do presente convenio.

DOUTRA PARTE: D. Antón Pombo Rodríguez, en calidade de Presidente da Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago.

ACORDAN: Asinar o presente convenio de colaboración entre ambas entidades, recoñecendo mutuamente a capacidade xurídica e de obrar para a sinatura do convenio, que se desenvolverá de conformidade coas seguintes

CLAUSULAS:

PRIMEIRA.- Ambas dúas partes suscriben o presente convenio, que ten como finalidade a asistencia na atención do albergue de peregrinos de Santiago de Olveiroa durante os meses estivais de xullo, agosto e setembro por parte da Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago.

SEGUNDA.- Para este obxecto, a Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago comprométese a enviar hospitaleiros ó albergue de Santiago de Olveiroa, coa formación necesaria para presta-la asistencia ós peregrinos.

TERCEIRA.- Os hospitaleiros en todo momento actuarán en colaboración coa persoa que para a atención do albergue designe o Concello. Do mesmo xeito, vearán pola boa orde e funcionamento do albergue.

En proba de conformidade asínanos por triplicado e a un mesmo efecto no lugar e data arriba sinalados.

O Presidente da AGACS

O Alcalde de Dumbría

O Secretario do Concello de Dumbría



V PEREGRINACIÓN A FISTERRA E MUXÍA (2, 3, 4 e 5 de AGOSTO de 2001)

Xoves 2: Santiago-Negreira (20 qm).

9,30: Concentración dos peregrinos na Praza do Obradoiro.

10,00: Misa do peregrino na Catedral.

10,45: Partida desde a Praza do Obradoiro.

11,00: Reagrupamento na Carballeira de San Lourenzo.

13,00: Parada no Alto do Vento (Ames). A organización facilitará bocadillos ós participantes.

14,00: Chegada a Ponte Maceira. Parada para descansar e comer á beira do Tambre. Recibimento dos gaiteiros.

18,00: Chegada a Negreira. Actuación da Banda Municipal de Música e sauda do Alcalde. Aloxamento no albergue e polideportivo municipal.

Venres 3: Negreira-Olveiroa (35 qm).

8,30: Concentración no Pazo do Cotón e saída.

11,30: Breve parada en Vilaserío (Negreira) para fornecemento.

14,00: Comida en Santa Mariña de Maroñas (Mazaricos). A organización ofrecerá, como na anterior xornada, os bocadillos.

18,00: Chegada a Olveiroa (Dumbría). Visita da igrexa de Santiago e máis do albergue, inaugurado este ano e xestionado con hospitaleiros voluntarios pola Asociación Galega de Amigos do Camiño.

20,00: Traslado en autobús a Dumbría para aloxarnos no pavillón de deportes.



Sábado 4: Olveiroa-Fisterra (30 qm).

8,30: Traslado en autobús a Olveiroa para iniciar a marcha.

12,00: Chegada á ermida de S. Pedro Mártir. Romaría campestre ofrecida polo Concello de Cée.

14,00: Saída de San Pedro Mártir para Cée.

15,00: Paso pola vila de Cée e visita da igrexa de Santa María da Xunqueira.

16,00: Paso pola vila de Corcubión e visita da igrexa de S. Marcos.

16,30: Saída de Corcubión.

19,00: Reagrupamento, antes de entrar en Fisterra, ó final do paseo marítimo (S. Roque).

20,00: Chegada á igrexa de Santa María das Areas. Saúdo do alcalde de Fisterra. Pequeno concerto do grupo de cámara *Lenda Galega*. Entrega da *Fisterrá* (certificación para os peregrinos que chegan á fin da terra).

21,30: Saída en autobús cara ó faro para admiralo solpor. Posterior traslado ó aloxamento, no pavillón polideportivo.

Domingo 5: Fisterra-Muxía (22 qm).

8,30: Traslado en autobús ata o areal do Rostro.

9,00: Comezo da marcha a pé.

11,00: Paso por Lires (Cée).

15,00: Chegada ó pavillón polideportivo de Muxía. Cada un levará a súa comida.

16,30: Saída ata o santuario de Nosa Señora da Barca (1 qm).

17,00: Misa e visita ás pedras de Abalar e dos Cadrís.

18,00: Traslado en autobús a Santiago.

Podédevos inscribir, ata o 31 de Xullo, nos telfs. da Asoc. Neria (981 706 028; asocneria@jet.es), na Oficina de Turismo de Santiago (rúa do Vilar, 43; telf. 981 584 081) ou na Asociación Galega de Amigos do Camiño (981 584 081; adelavaz@jazzfree.com). Os peregrinos que saian do Obradoiro serán obsequiados cunha camiseta.

II Xornadas sobre o Camiño a Fisterra e Muxía

De novo no faro de Fisterra, Manolo Vilar encárgase de organiza-las segundas xornadas xacobeas, das que vos enviámo-lo programa definitivo. Este ano, para poder facelas coincidir coa presentación das Actas do V Congreso Internacional, reunido en Cée hai case dous anos, pasarémolas a setembro. Temos previsto realizar dúas sesións, a primeira un venres á tarde, cun recital poético, e a segunda con dúas conferencias e a presentación das Actas. (Susana:En Recuadro)



Asemblea da Federación en Bilbo/Bilbao

17-18 de marzo

Antón Pombo Rodríguez
Presidente da Asociación

Primeiras impresións.

Unha longa viaxe nos conduxo, no serán do 16 de marzo, á cidade de Bilbo. En representación da Asociación asistimos Constantino Chao, vicepresidente, e Antón Pombo, presidente, pero na xornada uníronse outros membros da directiva e socios, que participaron das actividades sociais previstas.

Antes de comezar a referi-los asuntos tratados pola Federación de Asociacións Xacobeas, cómpre lembra-la grata impresión que nos causou Bilbo. Á noite, tiña aspecto de populosa metrópole, con tódolos seus monumentos, avenidas e pontes ben iluminados. Coas primeiras raiolas do día puidemos comprobar, desde a explanada do Arenal –inmediata ó Hostal Arana, onde fomos aloxados–, que a impresión primeira fora correcta. O teatro Arriaga, impecablemente restaurado; a catedral de Santiago, cunha fachada en branco relucinte, froito da restauración con motivo do seu 50 aniversario da elevación ó rango catedralicio; os novos paseos á beira do Nervión, ideais para o tempo de lecer; e a Gran Vía e Ercilla recuperadas para o desfrute peonal, con tódalas fachadas restauradas e iluminación ornamental. Por suposto, o principal motivo de orgullo está no Guggengheim, espectacular complexo para coñece-las derradeiras tendencias da produción artística e participar activamente nas súas montaxes.

Un ascensor facía máis doado o acceso á Casa Sacerdotal, bonito edificio, rodeado de xardíns, sito a carón do santuario de Begoña. Aquí tiveron lugar as xornadas de traballo, desde logo ben distintas das de Guadalajara se temos en consideración a grande cantidade de asuntos que nos vimos precisados a tratar. Con todo, a sensatez dos participantes permitiu adianta-la axenda media xornada, o cal favoreceu o regreso de moitos, tendo en consideración que o luns era día laborable na meirande parte das comunidades autónomas, e a posibilidade de facermos unha visita guiada ó Guggengheim ós que permanecemos.

Trala recepción oficial por parte do concello (na Biblioteca da rúa Bidebarrieta), representado polo tenente de alcalde, ó que lle foi entregada a medalla da Federación, os membros das asociacións trasladáronse ó Centro de Begoña, onde deu comezo a Asemblea Xeral Ordinaria.



Foto:Antón Pombo. Basílica de Begoña

Asemblea Ordinaria.

Fernando Imaz lembrou a D. José Cimadevila, recentemente falecido como tivestes noticia pola revista peregrino, e tamén a Vicente Mora, presidente da Asociación de Córdoba, ausente por unha grave enfermidade. Asemade, deuse unha cordial benvida ás asociacións irmás de Granada, Zaragoza, Astorga, Camiño do Ebro e Alcañiz, convidadas a participar nestas xornadas. Como novos presidentes foron presentados José Antonio Ortiz (Madrid) e Javier Gracia (La Rioja). Na Asemblea estiveron representadas tódalas asociacións federadas, que son 26, agás Córdoba, Murcia e Mansilla.



A Asemblea procedeu a aprobar por unanimidade a acta da Asemblea de Guadalajara. A seguir foi leído o **Informe de Hospitaleiros**, do que destacamos o cheo en tódolos cursiños organizados por José Ignacio e Amelia. Outro dos motivos de orgullo foi a actuación en Arrés (Huesca), onde a Federación puxo en marcha un albergue con espírito propio. En refuxios con moitos peregrinos comezarán a funcionar, a partir da vindeira tempada, os denominados 'sapos', voluntarios que soamente poden participar, como apoio ós fixos, durante as fins de semana. Coméntouse o éxito de divulgación do boletín de hospitaleiros e a proliferación, por estar de moda este servizo, de voluntarios, incluso dos que queren traballar durante todo o ano. Tamén se comentou o intercambio permanente que se dá coas asociacións estranxeiras, a continuidade das xornadas de oración en Silos e o Val do Silencio e tamén do programa de limpeza no Camiño.

Por parte da asociación do Bierzo pediuse que se informara antes as asociacións sobre a chegada e presenza de hospitaleiros, pos ás veces non teñen noticia da súa actividade. Vicente, de Alacant, falou da existencia dunha nova asociación titulada *Amigos dos Albergues do Camiño de Santiago*, e os problemas con certos hospita-

leiros humana e, por suposto, de perda patrimonial e mesmo vergonza diante da UNESCO. Algúns destrúen budas a bombazos, e outros permiten que se caiga un dos monumentos máis representativos e integrados no Camiño de Santiago: o resultado é o mesmo.

Por non estar presente Amparo, directora cesante de **Peregrino**, o informe da revista foi presentado por parte da mesa, entre os que se atopaban varios membros da xestora que encargada de publicar os últimos números. Insistiuse na escasa colaboración por parte das asociacións, máis preocupadas polos seus boletíns. Tamén da idea de distribuí-la revista, para a súa venda ó público, e de outorgar unha prima ós que lle consigan publicidade. Darase entrada, como antano, a artigos noutros idiomas, vendo a posibilidade de amplia-lo número de subscriptores, entre os peregrinos, cunha campaña publicitaria nos albergues. As contas foron presentadas por escrito. Non faltou, como tódolos anos, unha proposta (Alcañiz) para profesionaliza-la revista.

En canto á información das actividades da **Comisión Permanente**, é de xustiza recoñecer que esta foi xa enviada, con gran cantidade de datos, a tódalas asocia-



Foto: C. Chao. Desenvolvemento da Asemblea.

leiros coma os de Castrojeriz, San Bol, etc. Contestóuselle que todos caben no Camiño, e nada podemos facer contra iniciativas privadas.

Un inciso, da Asociación de Burgos, serviu para chama-la atención sobre o alarmante estado de deterioro de **San Antón de Castrojeriz**, que por non ser Ben de Interese Cultural, permanece esquecido polas administracións responsables. O derrubo inminente podería supor

cións. Tratouse tamén a cuestión das **Enquisas**, valorando a conveniencia de modifica-lo plantexamento. O presidente comentou as **xestións** por el realizadas, entre elas ás que atinguen ó Centro de Estudos, e citou os nosos esforzos por dar entrada na imprenta ás actas.

Para celebra-lo **Congreso de 2002** foi presentada unha única candidatura, a de Logroño, que foi aceptada por todos. La Rioja tiña pendente a cita, por se-la única



comunidade do Camiño Francés que aínda non acollera o congreso. En canto á nova **Asemblea da Federación** (maio 2002), terá lugar en Andorra (Tuel).

A asociación burgalesa informou da apertura de novos albergues en Atapuerca (privado), Orbaneja (municipal) e Rabé de las Calzadas (dous particulares). Por pregunta das asociacións de Sevilla e Astur-leonesa, acordouse que os albergues privados tamén deben aparecer nos folletos da federación. Rematando a asemblea deuse noticia do albergue que se vai facer no Seminario Menor de Santiago. Pedíuse, asimesmo, que os recibos bancarios foran domiciliados.

Asemblea Extraordinaria.

A tarde o 17 deu lugar a un longo debate sobre os **novos estatutos**. E se ben non faltou quen considerou pesadas e pouco proveitosas as discusións, o aforro de media xornada no programa dá testemuño de que as cousas foron levadas con bastante axilidade. Antes de iniciar a discusión foi aceptada, como membro de pleno dereito na Federación, a asociación de Granada.

Despois de discutir, practicamente unha hora, sobre cal debería se-lo método de aprobación máis conveniente, comezou a presentación de enmendas por parte das asociacións. En xeral, cabe sinalar que poucos foron os cambios sobre o texto inicial, que xa fora enviado e corrixido durante un longo período de tempo. Houbo modificacións puntuais para poder solicita-la declaración de utilidade pública e soamente dous temas concitaron importante oposición, así a obrigatoriedade de que tódolos socios das asociacións integradas sexan subscriptores de *Peregrino* e a composición da Xunta Directiva por representación provincial. Aceptouse como moi lóxico o sistema de maioría reforzada, que se ben parece un tanto complexa, acabará demostrando a súa utilidade en casos puntuais de discrepancia. Nun momento dado houbo que artellar estímulos para dar entrada ás asociacións que aínda non son socias da Federación, por sentirse ofendidas algunhas como Zaragoza ou Camiño do Ebro, que consideraban gravosa tal imposición. Ofreceuselles a posibilidade dunha integración escalonada, con prezos especiais durante un ano.

Outra cuestión de disputa foron as condicións leoninas que se establecían para o director da revista, practicamente atado á Comisión Permanente da Asociación incluso para nomear Comité de Redacción e correspondentes; a proposta foi suavizada para procurar un equilibrio entre as funcións do director e a liña editorial da Federación.

Con non ser moitas as modificacións, e malia a suposta inutilidade dos debates en opinión dalgúns ponentes, consideramos que o intercambio de pareceres foi, cando

menos, clarificador e proveitoso. Unha aprobación sen debate, desde logo, daría moito que pensar ós que non tiveran a oportunidade de expresa-las súas obxeccións.

A xornada do sábado rematou cunha cea, en verdade pantagruélica, no *Asador Arriaga*. Sidra a esgalla, tres pratos, e chuletón de 1/2 qg. para espanta-las meigas que sobrevoan sobre as vacas tolas. Somentes faltou cantar.



Foto: Antón Pombo. Centro de Begoña, Recinto da Asemblea.

Elección dos novos cargos.

Trala misa, celebrada na capela do Centro Sacerdotal por mons. Ricardo Blázquez, bispo de Bilbo que foi auxiliar de Santiago e bispo de Palencia con anterioridade, pasamos á elección, na Asemblea Extraordinaria, dos novos cargos; estes foron realizados de acordo cos novos estatutos.

Como **Presidente** foi reelegido por maioría **Fernando Imaz**, presidente da asociación de Guipuzkoa, co voto en



contra de Estella. Por unanimidade votamos para o cargo de **Vicepresidente** a **Javier Gracia**, presidente da asociación riojana. A dirección da revista *Peregrino* recaeu en José Antonio Ortiz, presidente da asociación de Madrid, coa abstención de Valencia.

As vocalías da **Xunta Directiva** foron de designación automática para as provincias do Camiño Francés que soamente contan cunha asociación federada: Estella, Burgos, Palencia e Galega. Por acordo entre elas tamén foron elixidos Bierzo e Astur-Leonesa. Cada asociación ten a facultade de designa-lo representante que acudirá ás reunións. Polas restantes agrupacións territoriais foron elixidos Madrid (Centro), Amigos dos Pazos (Oeste), Valencia (Este) e Granada (Sur), quedando o Norte xa representado por Guipuzkoa. A polémica saltou, a partir da AGACS, pola interpretación de quen debería ostenta-la representación das provincias onde non existe unha asociación federada, caso de Ourense ou Lugo, pero a mesa foi inflexible na consideración do domicilio social como único argumento de radicación provincial, prescindindo do ámbito de actuación. Para evitar agravios, sen embargo, o presidente convidou a participar na Xunta ás asociacións que así o desexaran, con voz pero sen voto. A pregunta de Tortosa sinálase que calquera asociación que inclua entre as súas fins, un nunha sección de traballo, a defensa do Camiño e promoción das peregrinaxes, poderá entrar na Federación. Para non discrimina-lo trato ós camiños diferentes do Francés queda aberta a posibilidade estatutaria de crear comisións de traballo.

A **Comisión Permanente** quedou formada por F. Imaz (Norte), J.A. Ortiz (Centro), Valencia (Este), Amigos dos Pazos (Oeste), Granada (Sur) e, polo Camiño Francés, La Rioja, Burgos, Bierzo e Galega.

Outros temas.

Neste apartado final destaca o debate sobre en que **Centro de Documentación** confiaría a Federación para deposita-los seus fondos bibliográficos: ó fundado en Carrión por A.L. Barreda ou o que será creado en Santiago pola Xunta de Galicia. Pola nosa banda, e como froito das conversas realizadas con María Antón (Xerencia de Promoción do Camiño) e na S.A. do Plan Xacobeo, tocounos defende-la proposta da Cidade da Cultura por dúas veces. Tras unha interminable serie de intervencións, acordouse outorgar á Permanente unha marxe de confianza para que consiga da Xunta unha proposta aceptable, inclinándose a maioría por este proxecto polo aval que ofrece a administración e a conveniencia de centraliza-la documentación na cidade do Apóstolo, o cal redundará en beneficio dos investigadores. En calquera caso, non se obviou a posibilidade de apoiar outros centros que, a bo seguro, iran xurdindo nos vindeiros anos. O principal freo do centro palentino radica na súa concepción como proxecto personal e o seu

carácter tripartito entre Federación, Asociación de Palencia e unha empresa privada de hostelería como San Zoilo. Sen embargo, todo foron eloxios para a digna instalación realizada por Barreda.

Sobre a **revista Peregrino**, o novo director solicitou a colaboración de todos, o permiso para publicar algúns artigos doutros boletíns, e a vontade de prestixiar unha publicación que é incluso anterior ó Congreso de Jaca e á Coordinadora da que naceu á Federación. Entre outras medidas, considerou necesario amplia-lo número de páxinas. Lita sinalou que non debería haber censuras ás opinións, pois para eso está o recurso de que a revista non se faga responsable destas cun aviso. No mesmo senso entrevistou Constantino, que precisamente viu rexeitado un artigo seu –podédelo ler neste número– sobre o noso ‘queridísimo’ alcalde de Samos.

Entre as últimas intervencións houbo algunhas conducentes á procura-la solidariedade con Carmen Pugliese, no **albergue de Torres del Río**, solicita-la **declaración de utilidade pública** para a Federación, acorda-la creación dunha única **credencial** consensuada coa oficina catedralicia de peregrinación, aceptar todo tipo de propostas e ideas para crear un **albergue** ó ano co estilo propio (varias asociación pediron que fóra do Camiño Francés) e presentaren iniciativas para editar unha nova **guía da Federación**.

Todo isto, que non é pouco, é o que deu de si a reunión de Bilbo, unha das máis trascendentais para o futuro funcionamento da Federación.



ACTIVIDADES DESARROLLADAS DESDE A PRESIDENCIA

Xaneiro-Xuño 2001

9 Xan: Revisión en Santiago (empresa Sieira) do boletín antes da súa impresión.

13 Xan: Presidencia da Asemblea Xeral Ordinaria, na que foron presentadas as contas e actividades desenvolvidas en 2000, e as previstas para o ano que comeza, e da Extraordinaria, coa elección, como novos membros da Xunta Directiva, de Inés Iglesias, Rafael Estanqueiro e Antonio Leira.

17 Xan: Reunión, na sé de Neria (Cée), para axilizar a publicación das Actas do V Congreso de Asociacións Xacobeas.

19 Xan: Participación no xurado, composto por Xavier Cea, Antonio Hernández e Manuel González Vicente, que fallou o I Concurso de Fotografía 'O Peregrino en Santiago', convocado pola Asociación.

21 Xan: Reunión na Deputación Provincial de A Coruña, con Felipe Senén e o responsable político da imprenta, para conseguir a publicación das Actas do V Congreso de Asociacións Xacobeas.

27 Xan: Traslado a Santiago para recoller a revista *Libredón*, debidamente corrixida na imprenta, e entrega-lo material das Actas do V Congreso Internacional para converterlos programas e pasalo a un CD Rom.

10 Feb: Reunión da Xunta Directiva na Galería Sargadelos (Santiago), coa presentación do número 4 do boletín e entrega dos premios do Concurso Fotográfico.

15 Feb: Facemos chegar as nosas obxeccións puntuais a Fernando Imaz sobre a reforma dos estatutos da Federación.

5 Mar: Acompañamos a José Ignacio Díaz, coordinador estatal dos hospitaleiros voluntarios da

Federación, a visita-lo albergue de Santiago de Olveiroa, onde nos recibe o alcalde de Dumbría.

10 Mar: Convidados pola Xunta de Galicia acudimos, na compañía de J.A. de la Riera e M. Vilar, ó acto de presentación do libro de Francisco Singul sobre a peregrinación xacobeas e romana. No acto rendéuselle unha sentida homenaxe, polos seus traballos de estudo e delimitación do Camiño Portugués, ó noso querido Alfredo Jeremías, estando presentes Lourdes nai e filla. No mesmo foro foi asinado un convenio entre os plans Leader de Portodemouros e Parma-Piacenza para potenciaren actividades comúns no programa 'Os camiños da fe'.

16 Mar: Mercé ás oportunas xestións de José Manuel Yáñez, socio da AGACS, conseguimos por fin entregar na imprenta da Deputación os materiais para as Actas do V Congreso Internacional de Asociacións Xacobeas.

17-18 Mar: Na compañía de Constantino Chao, vicepresidente, representamos á AGACS na Asemblea Xeral Ordinaria e Extraordinaria da Federación, celebrada en Bilbo.

21 Mar: Entregamos, na imprenta da Deputación, as actas do anterior congreso como modelo para a edición. As nosas poderán estar listas para o mes de Santiago.

22 Mar: Levamos personalmente ó Concello de Dumbría diversos materiais da asociación.

31 Mar: Reunión da Xunta Directiva na Casa da Torre, albergue de peregrinos de Redondela. Deuse a boa nova da subvención concedida pola Xunta de Galicia, que este ano ascende a 865.000 pts. Programáronse as actividades da primavera-verán: marcha e homenaxe a Alfredo Jeremías no C.





Portugués, marcha polo C. Inglés, peregrinación a Fisterra–Muxía (agosto) e marcha polo C. Meridional (setembro). Tamén os concursos fotográfico e de relatos sobre a hospitalidade.

7 Abr: Por petición do concello de Artieda (Zaragoza) e varias asociacións do Alto Aragón, facemos chegar documento da Asociación condeando o recrecemento do encoro de Yesa, que vai supo-la desaparición de 22 qms. do Camiño de Santiago.

10 Abr: Prestámo-la nosa colaboración á Asoc. de Amigos do Camiño de Astorga, na convocatoria da segunda edición do *Liber Peregrinationis*, destinado ós relatos de peregrinos actuais. Figuraremos como asociación colaboradora, e formaremos parte do xurado, encargándonos de ler e extractar os traballos presentados en lingua galega e portuguesa.

28 Abr: Asistencia á Xunta Directiva en Santiago. Acordouse, entre outras medidas, solicitar presuposto para elaborar unha páxina web da asociación.

Abril-Maio: Facémo-lo seguemento dos traballos de maquetación das actas do V Congreso Xacobeo, solicitando a varios ponentes que subsanen diversos erros.

2 Mai: Xuntanza, con María Antón Vilasánchez, na Consellería; asisten tamén J.A. de la Riera e M. Vilar. Facémoslle entrega da proposta para elabora-los informes anuais por cada un dos camiños galegos e recibimos unha oferta para colaborar nas actividades culturais que a Xerencia pretende desenvolver este verán nos albergues do Camiño. O mesmo día, á tarde e con Ernesto, reunímonos en Corcubión co representante da empresa ABERTAL, con vistas a realiza-la páxina web da asociación.

12 Mai: Labores de apoio á marcha polo Camiño Inglés.

25 Mai: Enviamos o boletín a Alicante, Le Bourdon e diverso material informativo a Salamanca e mailo Centro Excursionista de Catalunya.

29 Mai: Nova xuntanza con María Antón –presente J.A. de la Riera– en Santiago. Aprobouse o tema dos informes, que serán realizados por membros da asociación a partir deste verán e para tres camiños. Tamén se acordou participar nas actividades culturais previstas durante os meses de xullo e agosto en 11 albergues galegos.

Xuño: Traballos de redacción do boletín. Redacción e envío da nova convocatoria do Concurso de Fotografía a El Correo Gallego/O Correo Galego.

7-15 Xuño: Revisión e corrección das probas de imprenta para publica-las Actas do V Congreso Internacional.

8 Xuño: Abrimos unha nova conta da AGACS na central de Caixa Galicia na Coruña. Vémonos na obriga de reactualiza-la lista de socios, desfasada no que atingue ós datos bancarios.

9-10 Xuño: Actividade, en memoria de Alfredo Jeremías, no Camiño Portugués.

11 Xuño: Asistimos ó acto de presentación dun libro do Camiño, do que é autora Agó Páez, presidido por D. Manuel Fraga.

19 Xuño: Asistimos á TVG (A Chave) para gravar un programa sobre o Camiño. Reunión en Santiago cos membros da directiva que se comprometeron a participaren nas actividades culturais dos albergues e nos informes.

26 Xuño: Revisión final da maqueta das actas antes de entrar en imprenta.

30 Xuño-1 Xullo: Recibimos, con Manolo Vilar, a Alison Raju, da Confraternity of St. James, primeira hospitaleira do albergue de Olveiroa. Traslado ó albergue, que aínda non está dotado nin cedido ó concello. A Asociación, por vía de urxencia, vese precisada a mercar produtos de limpeza, comida e outros materiais para hospitaleira e peregrinos.

3 Xullo: Reunión na Xunta para tratar do albergue de Olveiroa. Entrega da revista para a súa maquetación e impresión.





APOIO DA ASOCIACIÓN Ó CONCELLO DE ARTIEDA (ZARAGOZA) PARA EVITA-LO DESTROZO DO CAMIÑO ARAGONÉS

Insertamos a copia da carta que foi enviada ó concello en contestación á súa petición de apoio para frea-las obras do recrecemento do encoro de Yesa (Alto Aragón), que asolará varios quilómetros do Camiño Francés (variante de Somport). Asimesmo, foron enviados os informes, elaborados polas asociacións culturais aragonesas en defensa do patrimonio histórico, a algúns xornais galegos.

Excmo. Ayuntamiento de Artieda
C/Mayor, 17.
50683 ARTIEDA (Zaragoza)

ASOCIACIÓN GALEGA DE AMIGOS DO
CAMIÑO DE SANTIAGO
Acibechería, 31-bajo izda.
15704 Santiago de Compostela.

Excmo. Ayuntamiento de Artieda:

La **Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago**, que desde 1998 ha trabajado en el estudio, la identificación y la recuperación de los caminos jacobeos históricos de nuestra autonomía, y en la actualidad viene colaborando con la Xunta de Galicia y la Federación Española de Asociaciones de Amigos del Camino en todas las iniciativas conducentes a tal fin y a la promoción de las peregrinaciones a Compostela, no puede menos que condenar enérgicamente el proyecto de recrecimiento del embalse de Yesa.

En un Estado que, cuando le conviene y para hacer política europeísta, abandera el prestigio cultural del Camino de Santiago, resulta vergonzosa una actitud, sometida a intereses meramente economicistas, de tan alto desprecio por el patrimonio cultural.

Como es sabido, el Camino de Santiago aragonés, suponemos que debidamente delimitado y protegido legalmente por la Comunidad Autónoma, forma parte del denominado Camino Francés, que ha sido declarado **Primer Itinerario Cultural Europeo** (Consejo de Europa, 1987) y **Patrimonio de la Humanidad** (UNESCO, 1999). En tal sentido una intervención de tal calibre, que elimina tal cantidad de kilómetros del camino físico, y daña irreparablemente tan gran número de restos arqueológicos, monumentos y núcleos etnográficos, que por supuesto también forman parte del Camino, nos deja estupefactos. Este tipo de actuaciones, más propias de países sin cultura, sometidos al dictado de las multinacionales y el mercado, no puede ser consentida por la sociedad civil, que al fin y al cabo es la depositaria del legado cultural de los siglos. El hecho tiene un agravante, al parecer, en la ausencia de la preceptiva memoria de impacto ambiental.

Por desgracia, estamos acostumbrados a que los valores culturales y naturales siempre ocupen un lugar secundario cuando chocan con los intereses económicos (embalses, trazados de carreteras y vías férreas, concentraciones parcelarias, instalaciones de empresas, tendidos eléctricos, etc.), pero en este caso creemos que se debería duplicar el esfuerzo de la denuncia. Para ello consideramos preciso hacer llegar a los organismos europeos e internacionales competentes, con documentación adjunta gráfica, el material necesario para mostrar el gran atentado que se pretende cometer contra el patrimonio cultural jacobeo. Asimismo, asunto de tal gravedad debería alcanzar un ámbito estatal, por lo que convendría enviar un breve dossier a todos los medios de comunica-

ción españoles, en el presente bastante sensibilizados con la protección del Camino Francés. Si esta campaña no surtiera el efecto deseado, se deberían tomar medidas legales, y de contacto con las asociaciones jacobeanas, incluso con la amenaza de retirar el tramo Aragonés del Camino de la declaración de Patrimonio de la Humanidad.

Desde la **Asociación Galega de Amigos do Camiño** aportamos estas ideas, esperamos que provechosas, al tiempo que mostramos nuestra indignación y repulsa ante el que puede ser el mayor atentado contra el Camino Francés de peregrinación.

La consumación del proyecto constituiría una burla a la política desarrollada hasta ahora sobre el Camino de Santiago, un insulto a todos los peregrinos –que se cuentan anualmente por miles–, y una vergüenza impropia de un país que se dice civilizado. Por menos, en Portugal acaba de ser paralizada la construcción de un gran embalse, en Vila Nova Foz de Cõa (Beira Alta), tras un amplio debate político y social que afectó durante meses a todo el país. Por fin, y con la mediación de organismos internacionales, se consideró que el valor de los recursos culturales existentes –una serie de abrigos con pinturas prehistóricas–, superaba al de los kilovatios, y los supuestos beneficios agrarios, que generaría el pantano.

Por desgracia, en España seguimos apegados a una política hidráulica decimonónica, de anegamiento y trasvases, de la que Aragón parece ser, últimamente, la víctima propiciatoria. Con ello se fuerza el abandono de amplias zonas, la pérdida de la memoria y hasta la historia colectiva, cerrando las puertas a cualquier desarrollo futuro que no sea el traslado a los centros urbanos.

Insistimos en condenar el proyecto, con toda nuestra fuerza, quedando a disposición del Ayuntamiento de Artieda y las asociaciones implicadas para cualquier colaboración posterior. Por nuestra parte, daremos difusión en Galicia al asunto por medio del boletín *Libredón*, que es enviado a todas las asociaciones jacobeanas españolas y varias europeas, y si se nos hace llegar una memoria más completa nos comprometemos a transmitirla a los principales medios de comunicación gallegos.

Podrán hacer uso de este documento para que quede constancia de nuestra adhesión a las iniciativas tomadas contra la ampliación del embalse.

Santiago de Compostela, 31 de Marzo de 2001.
Antón Pombo Rodríguez
Pte. de la Asociación



A TENDA DA ASOCIACIÓN



Boletíns atrasados.

Lembramos a tódolos socios que aínda temos números dos boletíns 1 (150 pts), o máis artesanal e entrañable, 2 (250 pts), dedicado ó V Congreso Internacional na Costa da Morte, 3 (200 pts), con varios artigos de historia do Xubileo Romano, e 4 (200 pts), un monográfico sobre a hospitalidade. Creemos que paga a pena ter completa a colección dunha revista que pretende ser, cada día con máis fundamento, un voceiro crítico e independente da actualidade xacobeá. A curta tirada converterá en prezadas pezas de coleccionista, como lle aconteceu ó de Elías Valiña, ó noso boletín

Libros.

Por un convenio asinado entre a AGACS e maila editorial Xerais de Galicia podemos ofertar os libros **Peregrinos** (Fotografía de Manuel González Vicente con textos de apoio de J.A. de la Riera) e maila **Guía Práctica do Peregrino, Bierzo e Galicia** (A. Pombo), cun desconto especial do 25% respecto do P.V.P. A primeira vén custado **3.000 pts.** e a segunda **2.700 pts.** Axiña imos dispor tamén das **Actas do V Congreso Internacional Xacobeo**, celebrado en Cée.



Gravado.

Tamén cun importante desconto para os socios, a asociación ofrece o gravado do Santiaguíño de Fisterra, do que é autora Inés Iglesias Amorín, por **500 pts.** a lámina (prezo rúa: 1.000 pts).

Camisetas.

Cun 20% de desconto para os socios permanecen á venda ás camisetas co anterior logotipo. Son de algodón 100%, cor gris, manga curta e temos tallas M (en realidade pequena), L (mediana) e XL (grande). Cada camiseta: **800 pts.** (prezo na rúa: 1.200 pts).



Prendedores.

Os últimos exemplares deste exitoso 'pin', que pola viveza das súas cores e simpático motivo (unha vez máis, o Santiaguíño medieval de Fisterra), atópanse á vosa disposición. Un obxecto para coleccionistas e para lucir como emblema xacobeo. **350 pts.** a unidade.

Pañoletas.

Do expolio do V Congreso Internacional de Asociacións Xacobeas conservamos tamén as pañoletas amarelas co logotipo e título da reunión. Resultan ideais para unha rápida identificación nos camiños. Prezo: **500 pts.** unidade.



As peticións deberán ser cursadas ó enderezo da revista, e para non paga-lo contra reembolso, convén retirar-lo obxecto nalguna das actividades da Asociación ou na sé desta (Santiago), da revista (ACoruña), ou dos nosos vocais de Betanzos, Ourense, Vigo, Valença do Minho ou Madrid (chamade á Asociación para saberdes do seu enderezo).



Concurso literario de relatos curtos: 'A Hospitalidade nos Camiños de Santiago'

Modalidade Literaria.

Relatos curtos.

Participantes.

Poderán concorrer a esta convocatoria escritores de calquera nacionalidade con obras orixinais escritas en galego, castelán, portugués, catalán ou eusquera e non premiadas noutros certames. Os relatos en catalán ou eusquera deberán ir acompañados da correspondente tradución ó castelán ou ó galego.

Tema.

A temática sobre a que versará o relato deberá estar relacionada coa 'hospitalidade nos Camiños de Santiago'.

Extensión.

Os relatos terán, obrigatoriamente, unha extensión mínima de 3 folios e máxima de 5 (en tamaño DIN A-4). Presentaranse mecanografiados ou impresos por unha soa cara, cun máximo de 50 liñas de 80 díxitos cada unha, cun espazo interlineal de 1,5 se é a máquina ou con letra de corpo 12 se é realizado a ordeador.

Plazo de presentación.

O prazo de presentación de escritos, os cales serán enviados por triplicado, finalizará o día 30 de setembro de 2001. Remítanse por correo, polo sistema de lema e plica (na parte anterior do sobre farase constar-lo título e lema do escrito, e nunha tarxeta ou semellante no interior do sobre, os datos de identificación do autor: nome e apelidos, enderezo, teléfono), ó seguinte enderezo: **Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago. Rúa Acibechería, 31 esquerda. 15704 SANTIAGO DE COMPOSELA.**

Xurado.

O xurado, integrado por dous membros da directiva da Asociación organizadora, dous persoas de recoñecida solvencia no campo da crítica literaria e un membro doutra Asociación xacobeá, elixirá os tres traballos finalistas. Os seus autores non poderán ser membros da directiva da Asociación Galega. Os premios serán entregados nun acto público que será anunciado coa debida antelación.

Varios.

Os autores, galardoados ou non, facultan á AGACS para a publicación dos traballos, ben sexa no idioma orixinal ou traducido, facendo constar, en calquera caso, a autoría e procedencia dos mesmos. Os traballos non serán devoltos ós seus autores.

A participación nesta convocatoria implica a aceptación total das bases e máis das decisións dos membros do xurado.

Premios.

Primeiro premio: 60.000 pts. en metálico.

Segundo premio: 30.000 pts. en metálico.

Terceiro premio: 20.000 pts. en metálico.





OUTRAS ASOCIACIONES

Percorrido polo Camiño Norte da Costa en Cantabria.

O clube de Natureza ‘Leiras Pulpeiro’ de Mondoñedo, presidido polo noso incansable amigo Luís Fernández Ansedes, non para de promover as rutas xacobeas do Norte. Boa proba delo foi a súa saída, con membros de varias asociacións santiaguistas de Lugo e Asturias, ó País Vasco, que tivo lugar do 17 ó 20 de maio (Ponte das Letras Galegas) entre Irún e Portugaleta, percorrendo varios tramos a pé pola costa vasca.

Coa mesma filosofía, alternando excursións de carácter cultural en autocar, e paseos a pé polo camiño xacobeo, propoñen a tódolos socios unirse ó grupo, moi ben organizado, os días **12, 13 e 14 de Outubro** (Ponte do Pilar).



Catedral de Santander

Para estas datas reproducimo-lo programa:

Venres 12: Castro Urdiales–Laredo (24 qm). Comida en Pontarrón de Guriezo (ós 12 qm) e aloxamento e visita, ó serán, da fermosa vila de Laredo.

Sábado 13: Laredo–Ajo (24 qm). Visita á colexiata de Sta. María de Bareyo e comida. Aloxamento en Ajo, con visita ó serán.

Domingo 14: Ajo–Santander (20 qm). Comida en Pedreña, ós 15 qm., paso en barca da ría e visita a Santander. Regreso en autocar á tarde.

Para informarse do prezo e condicións da viaxe chamade ó
Clube de Natureza ‘Leiras Pulpeiro’ de Mondoñedo: 982 521 075

Novo número de ‘Hito’, boletín da Asociación de Burgos.

Con puntualidade británica, o noso colega e amigo, José Cuende Plaza, fainos chega-lo número 19 deste novo ‘fito’, que o é nun Camiño cada día máis cheo de vulgaridades e cotilleos, xa me entenden (soamente faltan o Príncipe e a súa noiva disfrazados de bordoneiros). *Hito* preocúpase da progresiva perda do sentido tradicional da peregrinación, da capacidade de soporta-la dureza das xornadas –un pouco por penitencia, e outro pouco por amor propio– e tamén a falta de paciencia entre algúns hospitaleiros. No mesmo sentido crítico, tan necesario en tempos en que todo anda revoltado e comercializado, Gregorio Martínez eleva as súas reflexións sobre a entrada a saco de certos xornalistas no Camiño de Santiago. Láíase, en particular, da moda de presenta-la peregrinación como unha alternativa barata para o período vacacional dos máis xoves (velaí a súa presenza en tódalas series xuvenis tipo *Compañeros* ou *Al Salir de Clase*. é preciso aprofundar nas realidades documentándose antes, pero vivimos na época da superficialidade. Noticias, un achegamento á figura de San Amaro, outras reportaxe sobre o Camiño do Ebro e Santo Toribio de Liébana completan un dos boletíns que, abofé, aporta máis sensatez e seriedade ó panorama divulgativo realizado polas asociacións xacobeas (ademais, tódalas vosas portadas son, valga a redundancia, verdadeiras e antigas portadas). Noraboa, *Hito*, e noraboa á Asociación Burgalesa.

Antes de pecharmo-lo número chegounos o aviso de convocatoria do Tercer Premio de Relatos Cortos ‘Vieiragrino’ (ficción ou diario persoal) cun premio de 150.000 pts. e dous accesits de 50.000 pts., paraorixinais en castelán e cun máximo de 7 folios, e mailo Cuarto premio de Fotografía ‘Vieiragrino’, con instantáneas do Camiño e premios de 75.000 e 25.000 pts. para a cetgoría xeral, e de 50.000 pts. para fotos sobre o Camiño de Valencia. En ambolosdous casos o prazo remata o 30 de Outubro de 2001, e os traballos deben ser enviados á Asociación de Amigos del Camino de Santiago–Comunidad Valenciana. Apto. 1345. 46080 Valencia. Máis información no teléfono: 963 859 982.



A herdanza de Dona Leonor: a casa forte de Olveiroa

Xabier Rey Souto

Acostumamos a imaxina-la Idade Media con figura de home: o cabaleiro, o crego, o bispo, o monxe, o campesiño, o mercader... As mulleres apenas agroman como prototipos, sempre subordinadas ó varón, o que non sempre corresponde coa realidade, senón máis ben coa imaxe desta realidade que a documentación gustou de nos conferir. Neste caso, a nosa pequena historia ten como nervo principal a unha muller: dona Leonor González de Saz, que viviu nas primeiras décadas do século XIV.

Para esta muller, a parroquia de Olveiroa foi unha referencia singular e, en todo caso, algo máis que unha pequena freguesía, á que o visitador Jerónimo del Hoyo, xa a principios do século XVII non atribuía máis poboación que dezaséis fregueses. Para ela, Santiago de Olveiroa era un lugar estratéxico, un punto de paso obrigado sobre o Xallas no camiño entre Santiago e a costa Occidental. Aínda que Brandomil é unha ponte documentada dende tempos máis antigos –aparece xa como tal na documentación cando Sancho IV en 1286, sinala á Pobra de Muro os límites do seu alfoz–, o certo é que Olveiroa debeu de tardar pouco en te-la súa propia ponte, para encauza-lo trafego dos peregrinos que se dirixían ós santuarios costeiros logo de ter visitado o seu principal obxectivo, a tumba do apóstolo de Cristo, Santiago. Este camiño cara á Fisterra, deixou pegadas temperás nas cercanías mesmo de Olveiroa no Hospital de Logoso, doado a finais do

século XII ó cabido compostelán polo seu fundador. Posteriormente, aparecerá tamén nas cercanías da nosa freguesía o hospital e a aldea de Bon Xesús, reforzando a estrutura de acollida do camiño fisterrán. O papel de Ponte Olveira, ademáis, non semella reducido a este camiño cara a costa norte, xa que desde este punto partía polo menos outra vía, esta dirixida á terra de Bergantiños, e que probablemente entraba pola freguesía veciña de San Martiño de Olveira.



Esta importancia estratéxica de Olveiroa, relacionada coa súa condición de punto de paso dos camiñantes, presente xa nos séculos plenomedievais, sufriu un cambio de natureza a finais do século XIII, cando o rei Fernando IV, obrigado polas circunstancias doa a Pobra de Muro, con todo o seu alfoz, ó arcebispo de Santiago, don Rodrigo de Padrón, e á súa igrexa. O alfoz de Muros é un territorio considerable, que ascende pola ribeira sur do río Xallas. Ó outro lado do río, os arcebispos atopan unha terra poboada de liñaxes e familias nobiliarias fortemente enraizadas na terra, señora de numerosos coutos e fortalezas. É a terra na


que destacan as familias dos Soga e dos Mariño, fundamentalmente, pero tamén outras como os Saz, que teñen como lugar de orixe a parroquia de Zas, na terra de Soneira.

A esta familia pertence Leonor González, filla de Xoán González de Saz. Segundo semella, a familia estaba solidamente asentada en varias parroquias da zona.



Gracias á documentación, podemos coñecer parte do patrimonio familiar que recaera nas mans de Leonor: varios coutos ou parte deles, presentacións de igrexas, numerosos casais e diversas rendas e dereitos. As posesións dos González de Saz non forman un grupo compacto, senón que se atopaban dispersas nas zonas interiores dos vales do Xallas e do Tambre, cunha certa presenza na ría de Muros. Entre todos estes bens, destaca a presenza de dous coutos extremadamente ben situados: Olveiroa e Brandomil, gracias ós que esta familia controlaba o paso do Xallas nos seus puntos máis vitais. Olveiroa, ademáis, aparecía reforzada nas súas funcións cunha “casa forte”, situada probablemente ó lado do río, nun pequeno promontorio, non lonxe da igrexa parroquial. Hoxe, desta casa forte ou castelo non resta máis que un microtopónimo e unha silveira impenetrable.

Á morte do seu pai, Leonor González, de acordo cos costumes de reparto de herdanza habituais na nobreza plenomedieval, que estipulaban unha partición máis ou menos igualitaria dos bens paternos. Deste xeito, tamén a filla recibía unha parte proporcional do patrimonio



familiar, que mesmo podía verse acrecentado se o pai decidía deixar algunha propiedade en especial que fíxese máis atractiva á súa descendente á hora de buscar un casamento substancioso. Desde o momento no que esta rica herdanza estivo nas mans de dona Leonor, esta convertiuse nunha peza importante dentro dos xogos de parentesco e patrimonio habituais da nobreza. É neste

contexto no que debemos de situar-lo seu primeiro casamento con Estevo Rodríguez de Ulloa (documentado cara a 1308), tamén denominado noutros documentos, Estevo de Salceda. O nome deste primeiro home de Leonor González de Saz procede do feito de que contaba, entre as súas propiedades, coa casa forte deste lugar, no actual concello do Pino. A alianza entre dúas familias exteriores á terra de Santiago, e localizadas ademáis en punto estratéxicos para perxudicar ós vasallos do arcebispo, non debeu pasar indavertida, sobre todo nos momentos iniciais do século XIV, cando os arcebispos composteláns tiveron que enfrontarse en repetidas ocasións a conflitos armados dentro do seu propio señorío.

Os *Feitos* de don Berenguel de Landoria amósannos o problemáticos que podían resultar os veciños aristócratas para o señorío compostelán precisamente no caso dun cabaleiro da familia dos Ulloa, Álvaro Sánchez de Ulloa, que “matou a algúns dos vasallos da igrexa, feriu a outros e meteu no cárcere a outros máis na súa fortaleza, chamada Felpós; despois estorsionoulles unha grande cantidade de diñeiro, logo de telos sometido a graves tormentos e penas”. Como é sabido, o cabaleiro acabou perdendo a fortaleza ante a contundente resposta do arcebispo.

A nós interézanos o caso polo que ten de exemplificador: as actuacións da nobreza exterior á terra de Santiago podían ser gravemente perxudiciais para o señorío archiepiscopal. Por eso, don Berenguel non deixaría de amparar un novo enlace para a dona de Saz, tan cedo como esta quedou viuva do seu primeiro home. Non é difícil imaxinar ó arcebispo favorecendo o casamento de dona Leonor cun dos seus máis fieis vasallos galegos: Roi Soga, quen o acompañou nas horas difíciles da loita contra o concello de Santiago e Afonso Suárez de Deza e agora gozaba dunha eminente posición como xefe dos pertigueiros e xustizas do señorío. Tampouco é difícil supor que dona Leonor non tivo ningún problema en aceptar este novo matrimonio, moito máis achegado ós seus propios intereses territoriais, desde o momento no que as dúas familias compartían espazo xeográfico. A diferenza dos Ulloa, que tiñan as súas bases nos límites co bispado de Lugo, os Soga,



unha das ramas do grupo dos Mariño, estaban firmemente asentados nas terras de Trastámara. Con este matrimonio ámbolos dous grupos familiares redondeaban o seu poderío por medio do apoio mutuo. Mostra deste interese son as terras que Leonor González recibía en arras do seu novo home e da súa tía dona María Pérez: *San Salvador de Elves et Sam Martiño d'Olveyra et Sam Mamede de Baemiro et Santa Mariña de Maroñas con quantos herdamentos et dereyturas perteceñen aos ditos coutos*. Ás posesións da rica dama xuníanse terras agora dentro da mesma bisbarra, o que daba cohesión ós seus dominios. Dentro deste marco, non é extraño que ela e Roi Soga decidisen vender os bens herdados de Estevo Rodríguez de Ulloa por Leonor –entre eles a casa forte de Salceda–, a don Berenguel de Landoria. Pola súa banda, por medio deste casamento, os arcebispos tiñan máis seguridade nas fronteiras dos seus recién adquiridos dominios, e gardábanse os lombos contra accións de pillaxe sobre os seus vasallos.

O matrimonio debeu de celebrarse nunha data anterior a 1323, ano no que os dous esposos cederán a prol do arcebispo unha boa parte da herdanza paterna de dona Leonor. Entre os bens que van ser entregados a don Berenguel atopamos, resaltada debidamente, a *casa forte de Olveyroa, con todas suas directuras et con seus perteeçementos*. Máis adiante, dentro do mesmo documento aparecerán novos datos referidos a *os paaços desse lugar con lo couto et con lo seu quinón da presentación dessa igreja d'olveyroa et con aquela renda que y a por razond e padroadigo et con dous casares pobrados en essa villa et com todas suas perteeças et padroadigos et foros et señorío segundo ora están, enos ques casares ora moran Martin Rey et Bertholameu*.

Estas referencias á freguesía de Olveiroa aparecen ó carón de moitos topónimos, que nos permiten reconstruí-la herdanza paterna recibida pola señora de Saz, e que nos posibilitan asimesmo, calibrar a súa importancia como señora de terra e homes. Porque é certo que estamos ante un documento de cesión, dunha doazón, na que Leonor, xunto co seu home, Roi Soga, renuncian ós seus dereitos a prol dos arcebispos de Santiago. Pero

estamos ante unha cesión feita a bo prezo e sen ningún tipo de perda. En troques das terras e dereitos doados, obteñen de por vida as rendas de Boiro, Palmeira e Vilar. E aínda non quedan sen disfrutar o usufructo de tódolos bens contidos no tenor documental.

A información de que dispoñemos sobre o noso personaxe ven completada por un sustancioso testamento, do que polo menos conservamos tres copias, proba do número de institucións que se viron beneficiadas pola xenerosidade da rica dona. Este documento permite que nos introduzamos no complexo mundo de solidariedades familiares existente na nobreza galega baixomedieval: curmáns, afillados e sobriños herdarán boa parte dos dereitos e terras de dona Leonor. Sen embargo, non serán eles os que reciban a parte máis substancial da herdanza, senón que esta quedará para tres beneficiarios principais. En primeiro lugar, atopamos á familia máis directa, aquela coa que se teñen uns maiores compromisos: o marido, Roi Soga, e o “criado”, Paio Mariño. Este Paio Mariño, importante personaxe durante a segunda metade do século XIV, será a cabeza da seguinte xeración da familia. Non semella ser fillo de Leonor González de Saz, que sempre se refire a el como fillo de Roi Soga. Trátase, probablemente do froito dun matrimonio anterior do seu home, xa que polo tenor do testamento e o reparto da herdanza, da a impresión de que a nosa dama morreu sen descendencia. En Paio Mariño e no seu pai recaen os coutos que foran entregados como arras no casamento, o usufructo de diferentes herdades doadas a outras institucións e os diferentes bens adquiridos durante o matrimonio.

En segundo lugar destaca a importancia que teñen os conventos femininos mendicantes, tanto os composteláns como os de outras bisbarras galegas. Non queremos deixar de facer referencia ó caso especial de Santa Clara de Santiago que recibirá, co compromiso de celebrar anualmente un aniversario pola alma da benefactora, o couto de San Pedro de Brandomil, onde non soamente será dono de boa parte das terras, senón que sobre todo, terá o dereito de señorío, e de cobrar *fazendeiras, loytos e colleitíos*. En 1410, nun arrendamento feito ós veciños, estes dereitos aparecen valorados nunha renda de 250 maravedís de moeda vella anuais.



Pero é sen dúbida a igrexa de Santiago unha principal beneficiaria do testamento de Leonor González de Saz, o que explica que dúas copias do seu testamento se atopen nos seus arquivos. O arcebispo sairá reforzado na súa posesión da casa forte e couto de Olveiroa contra a competición que algúns outros pretendían introducir. É o caso dos herdeiros dun tal Martín Brandñoas, que poderían entrar a reclamar certos dereitos sobre a metade do couto: por elo a testadora manda que se queiren recuperar esa parte do couto de Olveiroa, deberían entregar ó arcebispo diversos casais en compensación. Pola súa banda, o cabido recibirá diversos casais –o casal de Lamiño e o de Veraes– cos que costear os gastos dun aniversario perpetuo. Esta doazón víñase a engadir a unha efectuada anteriormente pola que se lle concedeu a fundación dunha capela funeraria propia, no mirador do Obradoiro, á que á rica dona deixará no seu testamento a súa *vestimenta lavrada das sinais dos lobos*.

Descoñecemos a cantidade de bens cos que dona Leonor deixou dotada esta capela. A través da visita realizada polo cardeal Jerónimo del Hoyo sabemos que a capela era coñecida a principios do século XVII polo nome de Rodrigo e Paio Soga, posiblemente o home de dona Leonor e un parente, que deberon de acrecentar a dotación da fundación. O visitador proporciónanos un inventario das propiedades da capela e valora as rendas que cobra o capelán nuns 300 reais. Gracias a esta capela, o nome de dona Leonor perdurou durante longos tempos na catedral compostelá, e aínda a nós chega a súa imaxe no tímpano que daba entrada ó recinto; cuberta de toucas, axeonllada ós pés da Virxe e do Neno, introducida por San Xosé na escea da Epifanía.

A figura de dona Leonor, esculpida na pedra, permaneceu máis que as súas doazóns, contestadas de maneira mesmo violento polos seus familiares no século seguinte. Xa en 1417, o couto de Brandomil aparece aforado por Santa Clara a Costanza López de Moscoso,

viuva de Lois Soga de Lobeira, fillo de Paio Mariño, o “criado” da González de Saz. Na segunda metade do século, no medio dos conflitos que perturban á sociedade feudal galega, García Martíns de Barbeira, casado con Sancha de Lobeira, descendente deste mesmo Lois Soga, ocupará este mesmo couto sen recurrir a ningún tipo de subterfuxio contractual. O amparo que lle prestaba o futuro conde de Altamira está sen dúbida sostenendo a ousadía do seu arroutado capitán García Martíns, a quen algún declarante do pleito Tavera–Fonseca alcuma “o maior roubador que había entón en Galicia”. Tantos serán os problemas que para Santa Clara representará a correcta administración do couto de Brandomil que ó final acabará por venderlo a un pequeno nobre das terras de Nemancos e Soneira, Álvaro Núñez de Lamas,

a principios do século XVI. Curiosamente, este fidalgo, fillo do escudeiro de Corcubión Antón Graíño, e situado na órbita dos condes de Altamira, era señor da casa e couto de Saz, polo que en certo modo, ó adquirilo couto de Brandomil pechaba a obra comenzada por outra Saz, Leonor González.

O caso de Olveiroa foi moito máis problemático.

Posiblemente foi ocupada, como fortaleza por García Martíns de Barbeira, que colle prisioneira na aldea, á candieira de Santiago, Leonor de Ansián, co propósito de obter algún tipo de rescate. E posiblemente caeu en desuso como casa forte ante a construción por este mesmo personaxe do castelo de Outes, como lugar máis apto para desenvolver correrías sobre o alfoz de Muros e as terras de Noia. Aínda así, os preitos pola posesión desta freguesía non desaparecerán polo estratéxico da súa situación, e durante ó século XVI, ata os anos oitenta, temos noticias intermitentes da presenza de alcaides e de disputas enconadas entre os Condes de Altamira, señores de boa parte das terras de alén do Xallas, e o arcebispo de Santiago, que non se quererá despedir dun punto de comunicación tan importante.





A DESFEITA DA PONTE OLVEIRA

Francisco Mayán Fernández

Limiar

Cando as tropas francesas de Napoleón invadiron o territorio español, a comezos do século XIX e chegaron a ocupar Santiago de Compostela, ben pronto pensaron en rematar a conquista no último extremo do Noroeste hispánico e, sobor de todo, irse mantendo a costas do que obrigaría a dar os pobos comprendidos dende Cee e Corcubiónata donde eles xa se encontraban.

O sistema era o de sempre: visitar as distintas localidades e exixir canto lles petaba, sen máis razón que a da forza e a do medo imposto coa seria ameaza da morte.

Tanto abusaron dos nosos pobres paisanos que chegaron a encheiros de rabia e carraxe e, animados do seu lexítimo patriotismo por unha banda e polas prédicas dos cregos por outra, non dudaron en armarse como puderon, elexir quen os dirixise e contestar unha nova solicitude de suministros feita polos franceses con estas claras e tallantes verbas: “que veñan eles mesmos e que o leven”¹.

Ponte Olveira.

A declaración de guerra non podía ser mellor expresada e tampouco era dubidoso que se os franceses viñan de Santiago, terían que pasar precisamente por alí.

Xa na elección dos mandos houbera moito que discutir; pero a grande influencia do crego do Ézaro, don Xoán

Pispieiro –que dito sexa de paso, hoxe en día podemos afirmar que non sabía por onde andaba²– fíxoselle nomear nada menos que segundo Comandante e se lle encargara a custodia de Ponte Olveira.

Sabería Pispieiro moito latín, pero de táctica militar andaba tan cego que non distinguía un soldado francés dun inglés; e que conste que digo esto polo que pasou na Ponte Olveira, tal e como o referiu un home que chegou “tan sofocado que apenas alentar podía”: “yo estaba de guardia en Puente Olveira y los franceses vinieron esta



Ponte Olveira, por J. M. Yáñez.

tarde, y lo cogieron, apoderándose del cañón que en él estaba, y matando muchos paisanos: yo eché el fusil en tierra, y corrí quanto pude, pues al que cogían lo mataban, y andaban buscándolos y matándolos entre los matorrales: son muchos muchos los que vienen. Pues ¿cómo fué todo eso? Le vuelven a preguntar, y

dixo: nuestro general Pispieiro estaba en Bañas con mucha gente, y dexó que nos mandase un escribano; él fué y vino diciéndonos que eran ingleses y españoles, que no había que temer; no sabemos por donde se marchó, y quando estabamos muy confiados, se vinieron sobre nosotros, y como vimos que nos tiraban, conocimos que eran franceses: el cañón, ni mecha pareció para dispararlo, y nosotros que vimos tantos malditos, le echamos unos quantos tiros y escapamos cada uno como pudo.

¹ SALVADO LÓPEZ, Amalia. 1986. *Corcubión na Guerra da Independencia*. Gráficas Rocha, Porto, Portugal.

² Vid. MAYÁN FERNÁNDEZ, Francisco. 1941. *Los Franceses en Cee*. Tipografía de El Ideal Gallego. A Coruña.



*Vine a Bañas para juntarme con el general, pero me dixeron que había echado a correr esta tarde hacia Moyño, y entonces me vine para casa*³.

A testemuña non pode ser máis clara e tampouco a desfeita tan completa: os franceses fixeron canto lles petou, degolando incluso a don Fernando Blanco Jianze, crego rector de San Xoán de Mazaricos e natural de Cee: *“que estaba allí con la gente de estos pueblos, y otros de las inmediaciones, que estaban alarmados para impedir el paso a dichas tropas francesas*⁴.

Cando todo o sucedido chegou ó coñecemento do primeiro xeneral Lapido, a decepción no poido ser maior; menos mal que, ó mesmo tempo, tivos novas de que unha cuadrilla de paisanos fixeran prisioneiros a cinco franceses de cabalería e, sen ninguén que os mandase, tñanos en custodia.

Ordenouse a todos concentrarse en Paizás, a donde se chegou sobre a unha da mañán. Aínda intentaron xuntarse con Pispieiro nos altos de Bañas e facer un serio ataque ós franceses, que supoñían aínda alí acampados. Pero non, o inimigo, máis lixeiro ca eles, xa chegara a Corcubión e Cee e tiña incendiado ámbalas dúas vilas⁵.

Reflexións

Narrados os feitos principais, aínda que de forma moi breve, imos intentar unha análise do porqué desta desfeita e das súas tráxicas consecuencias.

Cos elementos cos que hoxe dispoñemos e, sobor de todo, dende a publicación en galegopor Amalia Salvado López dun extracto de “Fragments of Voyages and Travels” de Basil Hall, podemos coñecer moito mellor os por ques da desfeita de Ponte Olveira⁶.

Ninguén pode dubidar do patriotismo dos nosos paisanos que, cansos e cheos do absolutismo e tiranía dos franceses, deixaron os labores do agro nas mans das súas

mulleres, e loitaron como feras contra quen non fixo outra cousa que vilependialos e escravizalos “a punta de sabre na maior parte das veces”⁷.

Certo que eles creron que lles faltaban “solamente armas”, pero carecían doutras moitas cousas absolutamente indispensables para ser soldados: aprendizaxe, disciplina e quen os mandara de modo intelixente.

A Xunta formada en Corcubión a “soporífera e auto-satisfeita Junta”, como quen a coñecía moi ben, non fixo máis dano que si “fosen os meirandes traidores en vez de ser simplemente os máis sinceros, aínda que os máis duros de chenchá e tercos entre tódolos patriotas, non poderían ter xogado tan ben o xogo do inimigo tal como fixeron eles”⁸.

Deberemos salvar a algúns como aqueles que, tal vez por ter prestado servizo en Alxeciras e na bahía de Xibraltar, portáronse tan ben no mar; e o mesmo Caamaño. O Dr. D. Pedro Lapido, o crego de Morquintián, era cando menos moi prudente e non se entremetía nas cuestións de táctica.

Pola desfeita de Ponte Olveira chegaron os franceses a Cee e Corcubión, donde deixaron ben patente a súa sanguinaria e cruel maldade. E, o peor destas cousas é que os culpables delas nas alturas do poder, Napoleón neste caso, aínda se cren verdadeiros artistas: “amo el poder, si; pero lo amo como un artista, como el músico su violín, apra arrancar de él un conjunto de acordes y melodías”⁹. ¡Menudos artistas das desgracias, da destrucción e da morte!; menos mal que o mesmo Emperador engadía: “yo no soy un hombre como los demás, y las leyes de moral o de conveniencia no pueden estar hechas para mi”¹⁰.

³ Los Guerrilleros Gallegos de 1809”. Edición de Martínez Salazar. A Coruña, 1892. Tomo II, páx. 28.

⁴ Mayán Fernández, F. ob. cit., pax. 113.

⁵ Vid. Mayán Fernández, F. “Afrancesada e a vida social en Cee”, in CORES TRASMONTA, B. 1999. *Historia de Cee*. A Coruña. Páx. 369-386.

⁶ Salvado López, A. ob. cit.

⁷ Ib. ibid. páx. 13.

⁸ Ib. ibid. páx. 39.

⁹ Ludwing, E. 1929. Napoleón. Barcelona. Citado por PÉREZ BUSTAMANTE, C. 1931. In *Manual de Historia Universal*. Tomo V. Santander, páx. 59

¹⁰ Id. ibid. páx. 59.



UNHAS NOTAS SOBRE SANTIAGO DE OLVEIROA EN DUMBRÍA


Eva María López Añón

Universidade de Santiago de Compostela

A igrexa de Santiago de Olveiroa sitúase na aldea do mesmo nome no concello de Dumbría, e pertence á parroquia de San Martiño de Olveiroa. Como xa estudiara López Vázquez¹, amosa a pervivencia dunha estrutura románica o que se pon de manifesto nas columnas que suxeitan o arco triunfal e que están datadas nos primeiros anos do século XIII.

Arquitectónicamente está conformada por unha nave única dividida en tres tramos por outros tantos pares de pilastras adosadas, a función das cales é recoller as forzas dos arcos faixóns que configuran a bóveda de canón utilizada como elemento de cubrición. Un arco triunfal peraltado dá paso á absida; este apóiase en columnas roubadas, utilizándose como cuberta unha bóveda de canón corrido que parte da liña de imposta, sinalada por unha ancha nacela. Hai que destacar os capiteis das columnas que sustentan o arco triunfal, que están decorados con elementos vexetais, motivos de perlas e rosetas nos cimacios, datados nos primeiros anos do século XIII, polo tanto falamos dun románico tardío.

